
PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO 2021/2022

**DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA
IESP A CACHADA**

Rosa Becerra Blanco
Laura Ces Romero
Pablo Fernández Cabaleiro
Francisco Javier Pérez Boo
Alberto Veiga Puente
Alba Pérez Argibay (Xefatura de Departamento)

ÍNDICE

- 1. ASPECTOS COMÚNS DA PROGRAMACIÓN (páx. 4)**
 - 1.1. Introducción (páx. 4)**
 - 1.2. Contexto (páx. 5)**
 - 1.3. Marco legal (páx. 6)**
 - 1.4. Competencias Clave (páx.6)**
 - 1.5. Obxectivos (páx. 9)**
 - 1.6. Metodoloxía (páx. 11)**
 - 1.6.1. Adaptación ao ensino telemático (páx. 12)**
 - 1.7. Materias e recursos didácticos (páx. 13)**
 - 1.8. Deseño da Avaliación Inicial e medidas a adoptar (páx. 13)**
 - 1.9. Organización, seguimento e avaliación das materias pendentas (páx. 14)**
 - 1.10. Medidas de atención á diversidade (páx. 15)**
 - 1.10.1. Estratexias organizativas e metodolóxicas (páx. 15)**
 - 1.10.2. Adaptacións dos instrumentos de avaliación e dos criterios de cualificación (páx. 16)**
 - 1.10.3. Plan específico para o alumando repetidor (páx. 16)**
 - 1.11. Elementos Transversais (páx. 19)**
 - 1.12. Contribución ó Plan Lector (páx. 20)**
 - 1.13. Actividades complementarias e extraescolares (páx. 21)**
 - 1.14. Avaliación do proceso de ensino e a práctica docente (páx. 121)**
 - 1.15. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica (páx. 23)**
 - 1.16. Información ao alumnado (páx.25)**
- 2. XEOGRAFÍA E HISTORIA 1º ESO (páx. 27)**
 - 2.1. Concreción dos obxectivos (páx. 27)**
 - 2.2. Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, e competencias clave (páx. 27)**
 - 2.3. Concreción para cada estándar de aprendizaxe (temporalización, grao mínimo de consecución, procedementos e instrumentos de avaliación) (páx. 34)**

- 2.4. Criterios de cualificación, promoción e recuperación (páx. 40)
- 3. XEOGRAFÍA E HISTORIA 2º ESO (páx. 42)
 - 3.1. Concreción dos obxectivos (páx. 42)
 - 3.2. Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, e competencias clave (páx. 43)
 - 3.3. Concreción para cada estándar de aprendizaxe (temporalización, grao mínimo de consecución, procedementos e instrumentos de avaliación) (páx. 49)
 - 3.4. Criterios de cualificación, promoción e recuperación (páx. 56)
- 4. XEOGRAFÍA E HISTORIA 3º ESO (páx. 58)
 - 4.1. Concreción dos obxectivos (páx. 58)
 - 4.2. Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, e competencias clave (páx. 58)
 - 4.3. Concreción para cada estándar de aprendizaxe (temporalización, grao mínimo de consecución, procedementos e instrumentos de avaliación) (páx. 66)
 - 4.4. Criterios de cualificación, promoción e recuperación (páx. 73)
- 5. XEOGRAFÍA E HISTORIA 4º ESO (páx. 75)
 - 5.1. Concreción dos obxectivos (páx. 75)
 - 5.2. Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, e competencias clave (páx. 76)
 - 5.3. Concreción para cada estándar de aprendizaxe (temporalización, grao mínimo de consecución, procedementos e instrumentos de avaliación) (páx. 86)
 - 5.4. Criterios de cualificación, promoción e recuperación (páx. 92)
- 6. CULTURA CLÁSICA 3º ESO (MATERIA AFÍN) (páx. 95)
 - 6.1. Concreción dos obxectivos (páx. 95)
 - 6.2. Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, e competencias clave (páx. 96)
 - 6.3. Concreción para cada estándar de aprendizaxe (temporalización, grao mínimo de consecución, procedementos e instrumentos de avaliación) (páx. 103)
 - 6.4. Criterios de cualificación, promoción e recuperación (páx. 111)

- 7. ECONOMÍA 4º ESO (MATERIA AFÍN) (páx. 113)**
 - 7.1. Concreción dos obxectivos (páx. 113)**
 - 7.2. Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, e competencias clave (páx. 114)**
 - 7.3. Concreción para cada estándar de aprendizaxe (temporalización, grao mínimo de consecución, procedementos e instrumentos de avaliación) (páx. 118)**
 - 7.4. Criterios de cualificación, promoción e recuperación (páx. 124)**
- 8. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE EMPRENDEDORA E EMPRESARIAL 4º ESO (MATERIA AFÍN) (páx. 126)**
 - 8.1. Concreción dos obxectivos (páx. 126)**
 - 8.2. Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, e competencias clave (páx. 128)**
 - 8.3. Concreción para cada estándar de aprendizaxe (temporalización, grao mínimo de consecución, procedementos e instrumentos de avaliación) (páx. 131)**
 - 8.4. Criterios de cualificación, promoción e recuperación (páx. 137)**
- 9. FILOSOFÍA 4º ESO (MATERIA AFÍN) (páx. 140)**
 - 9.1. Concreción dos obxectivos (páx. 140)**
 - 9.2. Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, e competencias clave (páx. 140)**
 - 9.3. Concreción para cada estándar de aprendizaxe (temporalización, grao mínimo de consecución, procedementos e instrumentos de avaliación) (páx. 153)**
 - 9.4. Criterios de cualificación, promoción e recuperación (páx. 173)**

1. ASPECTOS COMÚNS DA PROGRAMACIÓN

Baixo acordo departamental, establécense os seguintes aspectos como comúns a todas as materias impartidas polo Departamento de Xeografía e Historia, quedando as especificacións oportunas e propias de cada materia no seu apartado correspondente.

1.1. Introducción

Para comprender e coñecer o mundo actual con toda a problemática existente nel e que inflúe na nosa vida cotiá, é necesario ter unhas bases e instrumentos que poden proporcionar as materias de Historia e de Xeografía.

O coñecemento da sociedade, a súa organización e o seu funcionamento ao longo do tempo, é esencial para poder entender o mundo actual. Coñecer o espazo onde se desenvolven as sociedades, os recursos naturais e o uso que se lles deu achéganos datos sobre o pasado e permítenos anticipar algúns dos problemas do futuro.

As disciplinas de Xeografía e Historia son dous importantes eixes vertebradores para o coñecemento da sociedade, xa que abranguen a realidade humana e social desde unha perspectiva global e integradora, e ofrecen unha maior capacidade para a estruturación dos feitos sociais. Malia isto, a sociedade actual, cada vez máis complexa, require a intervención doutras disciplinas como a economía, a socioloxía, a ecoloxía ou a historia da arte, que achegan análises diferentes e complementarias, para a mellor comprensión da realidade social.

Na ESO, a materia de Xeografía e Historia pretende afondar nos coñecementos adquiridos polo alumnado na educación primaria; favorecer a comprensión dos acontecementos, os procesos e os fenómenos sociais no contexto en que se producen, tendo sempre en consideración as escalas de estudo (o mundo, Europa, España e Galicia); analizar os procesos que dan lugar aos cambios históricos e seguir adquirindo as competencias necesarias para comprender a realidade do mundo en que viven, as experiencias colectivas pasadas e presentes, a súa orientación no futuro, así como o espazo en que se desenvolve a vida en sociedade.

O novo currículo da ESO publicado recentemente contempla organizar a Xeografía, no primeiro ciclo (de 1º a 3º de ESO), nos bloques titulados "O medio físico" e "O espazo humano", para centrarse no cuarto curso na globalización.

Por outra parte, no que atinxe á Historia, estudaranse as sociedades ao longo do tempo, seguindo un criterio cronolóxico ao longo dos dous ciclos de ESO.

1.2 Contexto

O concello de Boiro está situado na marxe norte da ría de Arousa e os seus case máis de 19. 000 habitantes distribúense entre oito parroquias: Abanqueiro, Cespón, Bealo, Boiro, Lampón, O Castro, Cures e Macenda. Cómpre destacar que a estrutura da poboación por idades fai que Boiro sexa un concello cunha importante porcentaxe de poboación moza.

A base socioeconómica das familias do noso alumnado atópase no mar: a pesca e marisqueo, cultivo do mexillón e industria conserveira, que xenera o 80% do emprego das cincuenta primeiras empresas da contorna. É importante o sector hostaleiro, dado o interese turístico da ría pola súa oferta cultural, paisaxística, patrimonial e gastronómica. No tecido empresarial hai que sinalar tamén pequenas e medianas empresas relacionadas co sector da construción, aínda que en menor medida dende o inicio da crise e o estoupido da burbulla inmobiliaria. Destaca tamén unha importante nómina de traballadores autónomos que atopan no comercio o seu medio de desenvolvemento económico e persoal.

Débese engadir que a península do Barbanza mantén historicamente unha excesiva dependencia do sector pesqueiro e conserveiro. A súa riqueza natural neste ámbito é enorme, con lonxas como as de Ribeira, entre as máis importantes de España, ou destacadas conserveiras que son líderes no sector, empresas que se internacionalizaron con éxito nos últimos anos. Estas sociedades mercantís actúan como auténticos motores de emprego na comarca. Porén estes datos, indicadores de boa saúde e crecemento, non deben esconder problemas de desenvolvemento como a debilidade da construción e outros ámbitos da produción industrial.

En liñas xerais podemos dicir que a situación socio-económica da contorna ocupa un lugar privilexiado dende o punto de vista do emprego e o desenvolvemento, se a comparamos con outras comarcas de Galicia, fundamentalmente coas do interior. Pero esta situación non pode agochar que existen tamén serios problemas de paro. Esta realidade deberase ter en conta para que a escola dea unha resposta satisfactoria a posibles familias con escasos ingresos económicos para que teñan acceso aos materiais e recursos que se lles soliciten para o desenvolvemento dos procesos de ensino-aprendizaxe (libros de lectura obrigatoria, acceso as novas tecnoloxías, etc).

Os horarios do mercado laboral tamén inciden na atención que as familias poden ofrecerlles aos seus fillos, xa que moi difícil conciliar a vida laboral e familiar. En moitos casos os alumnos non teñen quen os atendan pola tarde nas súas casas ou son atendidos por avós ou outros familiares. Dende o punto de vista educativo será interesante non descoidar esta circunstancia para comprender os procesos que o alumnado desenvolve nos tempos nos que non pode ser atendido polas familias

(programación do tempo de estudo e reforzo individual e das actividades complementarias e extraescolares...)

No plano sociolingüístico conséntase o fenómeno da diglosia. A asociación do Galego a estratos máis desfavorecidos ou rurais provoca que cada ano diminúa o número de galego-falantes e, lamentablemente se empobreza a competencia lingüística do noso alumnado. No ámbito educativo deben realizarse, dentro dos proxectos do fomento do Galego, accións e actividades encamiñadas a eliminación destes prexuízos.

O acceso as novas tecnoloxías, desde as súas casas, non é xeneralizado e o Centro non está capacitado para suplir estas carencias, polo que algún alumnos deben reunirse en horario extraescolar nos centros sociais do concello.

1.3 Marco legal

Este apartado está orientado a deixar constancia do marco legal no que se move a elaboración desta programación docente.

A lei educativa que rexe o sistema educativo español, actualmente, é a *Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro para a mellora da calidade educativa (LOMCE)*, que **modifica** á lei anterior, a *Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE)*.

Dado que esta programación está deseñada para un Instituto de Ensinanza Secundaria, a referencia legislativa empregada será: o *Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato*; e o *Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria de Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia*.

O resto da documentación legislativa específica, tanto estatal como autonómica, será citada nos apartados que se requira.

1.4 Competencias Clave

Considérase que “as competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e o seu desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego”.

Unha competencia supón a combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz. Xa que logo, as competencias considéranse como coñecemento na práctica, un coñecemento adquirido a través da participación activa en prácticas sociais que, como tales, se poden desenvolver tanto no contexto educativo formal, a través do currículo, como nos contextos educativos non formais e informais; conceptualízanse como “un saber facer” que se aplica a unha diversidade de contextos educativos, sociais e profesionais.

As competencias clave recollidas no currículo son as seguintes:

- a) Comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- c) Competencia dixital (CD).
- d) Aprender a aprender (CAA).
- e) Competencias sociais e cívicas (CSC).
- f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- g) Conciencia e expresións culturais (CCEC).

A achega da materia de Xeografía e Historia ao desenvolvemento das competencias clave é moi salientable. Deste xeito, poderíamos dicir que a través da materia se desenvolven competencias que na práctica funcionan como propias (as **competencias sociais e cívicas**, en relación con contidos propios tanto de Historia como de Xeografía, e a **competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**, en Xeografía); a **competencia de conciencia e expresións culturais** ten unha presenza destacada pola relación que o estudo das manifestacións artísticas e a evolución do pensamento e da cultura teñen na historia, e de maneira específica na historia da arte. A importancia que a materia ten para o desenvolvemento da **competencia de sentido da iniciativa e espírito emprendedor** evidénciase na dimensión conceptual desa competencia posta en relación con coñecementos de xeografía e historia económicas, pero tamén na dimensión máis procedemental dela.

O desenvolvemento das **competencias de comunicación lingüística e dixital**, e de **aprender a aprender**, impregnan todos o currículos, pois presentan unha dimensión instrumental que nos obriga a telas presentes ao longo dos catro cursos de ESO.

Contribución á adquisición das Competencias Clave

- **Competencia en comunicación lingüística(CCL)**. O seu dominio, é a base da formación académica dunha persoa e polo tanto traballárase na maioría das sesións, pois a expresión oral e escrita, a adecuación, e uso dunha variedade léxica rica é unha dimensión que se valora en todas as actividades propostas.
- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)**. A Historia e a Xeografía, así como as materias afíns, son ciencias nas que nos seus métodos de investigación predomina un enfoque interdisciplinar, é dicir, que incorpora achegas de outras ramas do coñecemento para facer un mellor estudo do paso da humanidade polo mundo. Debido a isto, a demografía, o consumo e obtención de recursos, o impacto das actividades humanas no medio, e a representación por medio de gráficas de todos estes fenómenos son unha constante intrínseca o estudo da mesa. Tamén a interpretación de mapas

e escalas, a elaboración de gráficas e as obras de arte demandan un uso reiterativo da lóxica e proporción matemática. Así, a contribución a esta competencia farase de xeito constante e variada durante todo o curso, estando especialmente presente nas materias de Economía e Iniciación á actividade emprendedora e empresarial

- **Competencia dixital (CD).** Como non hai mellor ensinanza que a que exemplifica, en practicamente todas as sesións se fará uso do ordenador e proxector da aula, empregando variedade de recursos, materiais e páxinas web. Por outra banda, traballarase coa aula virtual de Google Classroom.
- **Competencia de aprender a aprender (CAA).** Gran parte das actividades propostas promoverán o desenrolo de técnicas básicas de asimilación de contidos, busca e selección de información, así como a elaboración de sínteses e mapas conceptuais, que fomenten unha aprendizaxe autónoma. Neste aspecto, os traballos en parella e en grupo tamén será moi enriquecedores xa que o alumnado pode aprender dos seus conxéneres novas técnicas e estratexias. A maiores, mediante a observación de aula farase un seguimento dos puntos fortes e débiles do alumnado para tratar de paliar as deficiencias detectadas mediante recomendacións persoais.
- **Competencias sociais e cívicas (CSC).** O traballo desta competencia farase fundamentalmente dende o fomento de regras básicas para a convivencia na aula, tanto entre o alumnado, como entre este e a docente –extrapolables ó mundo en xeral–, como o respecto mutuo, o rexeitamento de estereotipos sexistas, a empatía, a solidariedade, o compañeirismo e o rexeitamento do materialismo, do egoísmo, do machismo, das palabras e actos violentos... O comentario das noticias actuais, aparte de ser un imperativo nestas materias, tamén servirán para traballar todas estas cuestións.
- **Competencia da conciencia e expresións culturais (CCEC).** Como a materia de Xeografía e Historia e Cultura Clásica inclúe contidos da Historia da Arte, a contribución á adquisición desta competencia farase, basicamente, a través dos diferentes períodos artísticos. O que permite afondar na súa dimensión sentimental, estilística, conceptual e formal, para logo aplicalo a diferentes tipos de manifestacións artísticas, que son, a plasmación material por excelencia dos sentimentos e sensacións humanas. Ademais, as distintas culturas e pobos así como localismo servirán para ampliar o espectro e fomentar un achegamento a diversidade dende o respecto. Neste sentido, o emprego de fontes literarias tamén será habitual, para facer un achegamento as distintas dimensións que afecta o contexto histórico e económico, suscitando sempre o debate en gran grupo. As materias afíns de Economía, Iniciación á actividade emprendedora e empresarial, teñen unha menor presenza do traballo desta competencia.
- **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).** Aínda que case na totalidade das materias do departamento esta competencia apenas aparece representada, a materia de Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial céntrase sobre todo no desenvolvemento desta competencia, a cal implica a

capacidade de transformar as ideas en actos (algo que o alumando traballa en todas as materias cando se enfronta á realización dun proxecto). Desde esta área, desenvolveranse capacidades e habilidades no alumnado relacionadas coa autonomía persoal, o liderado e a creatividade, e habilidades empresariais como a planificación, a organización, a xestión e a toma de decisións, a participación, o liderado e a delegación, o pensamento crítico, o sentido da responsabilidade, o recoñecemento de fortalezas e debilidades dun mesmo e dun proxecto, a avaliación, a asunción de riscos, o plan de mercadotecnia, a xestión de recursos materiais e humanos, a xeración de ideas creativas, o recoñecemento de oportunidades de negocio, o deseño dun plan de negocio, a análise de viabilidade, etc.

No apartado correspondente a cada materia, veremos un cadro onde aparece a relación dos contidos estándares de aprendizaxe, criterios de avaliación, obxectivos e competencias clave.

As competencias clave que aparecen no currículo serán avaliadas xunto cos estándares de aprendizaxe avaliáveis, contidos e criterios de avaliación, e representaran unha porcentaxe ponderada na valoración que obterá cada alumno ou alumna a final de curso, mediante un método de conversión xestionado polo Equipo Directivo.

1.5 Obxectivos

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

No apartado correspondente a cada materia, veremos un cadro onde aparece a relación dos contidos estándares de aprendizaxe, criterios de avaliación, obxectivos e competencias clave.

1.6 Metodoloxía

Sendo o obxectivo último o achegamento do alumnado ós feitos e procesos históricos, artísticos, económicos e éticos, combinaranse metodoloxías integradoras acordadas ó principio de **aprendizaxe construtiva**. Os contidos traballaránse gradualmente, partindo da competencia inicial do alumnado reflectida na avaliación inicial para asegurar unhas bases sólidas para o resto do tempo. O enfoque estará claramente orientado á realización de tarefas e á resolución de problemas.

Coa finalidade de conseguir eses obxectivos potenciaremos as **actividades participativas**, aquelas nas que o alumnado teña que esforzarse por usar a súa capacidade de análise, imaxinación e cooperación. Combinaremos, polo tanto, o traballo cooperativo co traballo individual, sen esquecer a diversidade presente na aula, con alumnos de diversas capacidades e ritmos de aprendizaxe. As TIC tamén estarán presentes na aula na medida en que os recursos o permitan.

Estratexias metodolóxicas

- Organización dos contidos por medio de esquemas e sínteses, o máis sinxelo, ata lograr a realización de organigramas e mapas conceptuais.
- Corrección na expresión cunha linguaxe específica da disciplina.
- Comprensión dos contidos dentro dun proceso continuo de construción dos coñecementos. elaboración de traballos de indagación a partir de fontes diversas (escritas, mapas, imaxes, audiovisuais, informáticas, traballo de campo...).
- Resolución de problemas diversos a través de debates, argumentacións.
- Simulacións.
- Creación de material TIC por parte do profesorado e alumnado.

Exemplo de secuenciación de traballo na aula:

Motivación:

- Actividade de exploración de ideas e coñecementos previos.
- Formulación de cuestións que promovan o interese.

- Presentación da actividade con mapas, gráficos, textos, fotos, novas, vídeos, etc.

Información do profesorado:

- Información básica para todo o alumnado.
- Explicación oral significativa, apoiándose no libro de texto, en presentacións, audiovisuais e outros materiais e recursos para unha mellor reconstrución conceptual.
- Subliñado de ideas-eixe que vertebran de xeito coherente a evolución e os cambios en aspectos fundamentais.
- Desenvolvemento temático de carácter acumulativo e progresivo. Cada nova unidade apoiase no traballado anteriormente.
- Tratamento de fontes documentais que se consideren necesarias, sexan tomadas do libro de texto ou aportadas polo docente, a fin de fomentar os procedementos de indagación e comprensión.
- Fomento da participación, a reflexión e a confrontación de ideas
- Información complementaria para reforzo e apoio.
- Información complementaria para afondamento e ampliación, a criterio do profesorado.

Traballo persoal:

- Comprensión de conceptos e contidos clave
- Lectura e comprensión de textos
- Análise de documentos, pequenas investigacións, etc.
- Resposta a preguntas.
- Resolución de problemas.
- Comentario de documentos, mapas, imaxes, novas, etc.
- Elaboración de mapas, gráficos, sínteses ou mapas conceptuais.

Avaliación:

- Análise de producións: caderno, mapas, comentarios, etc.
- Exposicións orais.
- Probas escritas.
- Traballos individuais e en grupo.

1.6.1 Adaptación ao ensino telemático

No caso de ter que recorrer ao ensino semipresencial ou telemático, adaptárase esta metodoloxía para continuar traballando a través da **plataforma Aula Virtual de Moodle** (xa coñecida e usada polo alumnado do centro coa

excepción de 1º da ESO) realizando **clases telemáticas** (co horario e duración que o Equipo Directivo decida), continuando coa entrega de tarefas e actividades descritas, así como coa realización de probas individuais de xeito telemático.

Para o alumnado con problemas de desconexión, usarase o correo electrónico, chamada telefónica, ou entrega de material escrito a través do método que o Equipo Directivo decida.

No caso de haber alumnado desconectado, informarase formalmente ao titor e, se fose preciso á Dirección do centro co fin de paliar a situación e tomar as medidas oportunas.

1.7 Materiais e recursos didácticos

Os recursos didácticos empregados para levar a cabo a tarefa educativa estarán formados polo **libro de texto** de referencia aprobado polo departamento en cada materia e **todo tipo de material considerado pertinente**; o **taboleiro** e o **xiz** e o imprescindible **ordenador portátil** e o **canon proxector**, xa que permite visualizar imaxes, textos –históricos ou historiográficos–, mapas, gráficas, artigos de prensa ou vídeos de maneira cómoda reducindo o gasto de fotocopias. A estes recursos básicos, poderase engadir calquera outro que sexa oportuno e beneficioso para satisfacer a demanda do alumnado, como por exemplo, non se descartan as visitas de persoal alleo ó centro para colaborar en determinados contidos ou actividades.

No caso de ter que levar a cabo un ensino online ou semipresencial, o alumnado empregará o libro de texto de referencia na materia e será fundamental o uso de dispositivos electrónicos (ordenador, tablets, móbiles) tanto por parte do alumnado como do profesorado. Como recursos didácticos imprescindibles empregaremos material dispoñible na rede (vídeos, xogos, novas, páxinas de consulta...) que se acompañará de presentacións de diapositivas e todo aquel material ou recurso que o docente considere oportuno e pertinente.

1.8 Deseño da Avaliación Inicial e medidas a adoptar

Cada novo curso, o alumnado renovase parcial ou totalmente, xurdindo a necesidade de establecer o nivel de coñecementos que posúen e que vai operar como punto de partida no proceso de ensinanza-aprendizaxe do presente curso.

Cabe falar dun nivel grupal que viría ser un nivel promedio estándar, e tamén dos niveis individuais propios de cada un dos alumnos/as en particular.

As **ferramentas** empregadas para establecer a avaliación inicial serán:

- Análise do expediente académico previo.

- Observación e análise do traballo na aula, presumindo un nivel ideal, e á vista dos resultados chegar a conclusións ó respecto.
- **Realización dunha proba formal, obxectiva e individual da que se extraerá unha nota numérica** (non se terá en conta para a avaliación trimestral).

Tendo en consideración os resultados que proporcionen os anteditos medios procederíase á toma de decisións (todos estes acordos tomaranse na sesión de Avaliación Inicial que se programa desde a Dirección ao comezo de cada curso escolar):

- Os alumnos/as con nivel baixo a media serían sometidos a un programa específico de repaso ou reforzo temporal e breve.
- Inicio de repaso selectivo da materia do curso anterior durante una semana.
- Medidas de reforzo permanentes.

1.9 Organización, seguimento e avaliación das materias pendente

Actividades para o alumnado

O Departamento repartirá a cada alumno/a coa materia pendente un **caderno de actividades** que deberán ser entregadas á Xefa de Departamento como data límite o día da proba escrita (será fixado pola Xefatura de Estudos). Desta maneira, o alumnado irá preparando a materia para as probas que se realizarán ao longo do curso académico. **Puntuación destas actividades: ata 3 puntos.**

Probas escritas

O Departamento de Xeografía e Historia realizará, ao longo do curso académico, **dúas probas escritas** para o alumnado que teña a materia pendente do curso anterior. As probas serán moi semellantes ás realizadas no caderno de actividades antes mencionado: constarán de diferentes ítems: mapas mudos, construción e interpretación dalgún gráfico, preguntas abertas, de verdadeiro/falso, de relacionar, análise sinxela de textos, vocabulario... Estas probas escritas celebraranse: unha no **mes de xaneiro** e outra no **mes de abril**. Cada unha delas incluírá a metade dos contidos vistos no curso anterior. O departamento subministrará aos alumnos pendentes un **listado co temario de cada proba** a comezos do curso académico. A proba de contidos valorarase ata un **máximo de 7 puntos** (os que se engadirán os 3 puntos que, como máximo, aportan as actividades) . Para acadar o aprobado será necesario sumar un mínimo de 5 puntos.

A superación das avaliacións parciais suporá a superación da materia pendente. Se o alumno non acadar na súa puntuación final un 5/10, deberá presentarse a unha derradeira proba que se celebrara no mes de maio. Sen embargo, no definitivo **exame de maio** só se valorarán os contidos, cualificándoa **sobre 10 puntos**, e sendo necesario polo tanto acadar unha puntuación de 5 para poder superar a materia.

****No caso de existir un novo confinamento, ou de ter que recorrer á modalidade de ensino online, o alumnado con materias pendentes, terá que entregar un único traballo escrito, seguindo o guión proporcionado polo profesorado, e terá que entregalo a través da plataforma Aula Virtual de Moodle na data indicada (habilitarase unha clase e procederase a matricular a todo o alumnado con materias pendentes deste departamento nas primeiras semanas do curso).**

1.10 Medidas de atención á diversidade

A atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo tomará como referente inmediato o plan de atención á diversidade de centro e os protocolos regulados pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade dispoñibles para todos os membros da comunidade educativa no seguinte enlace <https://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/1764>

Neste momento, o centro educativo ten activos os seguintes protocolos, a saber:

- Protocolo do tratamento educativo do alumnado con Trastorno do espectro autista.
- Protocolo para a intervención educativa da dislexia e outras dificultades de aprendizaxe.
- Protocolo de atención educativa ao alumnado de altas capacidades.
- Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia no ámbito educativo e sanitario.

A concreción de ditos protocolos farase na Comisión de Coordinación pedagóxica e contará co apoio e o asesoramento do departamento de orientación. En todo caso, a activación de calquera dos protocolos activos require de medidas organizativas, da diversificación da metodoloxía descrita na programación e da adaptación dos procedementos e instrumentos de avaliación.

1.10.1 Estratexias organizativas e metodolóxicas

Na programación de aula o profesorado realizará unha proposta didáctica flexible respectando as distintas formas de acceder aos contidos e de expresar a

información que ten o alumnado NEAE. Neste sentido, terá en conta as seguintes estratexias organizativas e pedagóxicas:

- Utilizar distintos medios de presentación e representación dos contidos e das actividades de aprendizaxe.
- Proporcionarlle múltiples medios de expresión e execución, e cualificar máis o contido que a expresión que se faga do mesmo.
- Ofrecer múltiples opcións que promovan a motivación e o compromiso do alumnado coa aprendizaxe. Explicarlle claramente o que se espera del e o tempo que dispón para cada tarefa, dentro dunha situación de aprendizaxe o máis estruturada posible.
- Colocación estratéxica en aula, diminuír elementos distractores e prestarlle unha atención individualizada cando sexa posible.
- Ter unha actitude positiva cara o proceso de ensino aprendizaxe que imos emprender con dito alumnado, comprendendo ás súas dificultades pero valorando as súas fortalezas e logros.

1.10.2 Adaptacións dos instrumentos de avaliación e dos criterios de cualificación

Atendendo ao disposto no Art.7 do DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, estableceranse aquelas medidas que garantan que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Así pois, nos casos que o profesorado o estime oportuno e, en todo caso, no alumnado derivado polo departamento de orientación con NEAE, aplicaranse as medidas de adaptación recollidas no protocolo educativos de intervención.

A relación de alumnado obxecto de aplicación de dita medida será facilitada polo departamento de orientación logo da Xunta de Avaliación Inicial.

Adaptacións das probas escritas

No momento de deseñar o exame terase en conta que as necesidades deste alumnado precisan tres tipos de modificacións:

- Estrutura e formato.
- Tempo de duración do exame.
- Contido.

O profesorado marcará o exame ou proba atendendo ao calendario de exames de aula e seguindo as directrices da CCP. Prestará especial atención a que alumnado NEAE apunte a data e teña claro os contidos obxecto de avaliación.

A) FORMATO (posibilidades)

- Lectura do exame en voz alta.
- Asegurarse que entende o enunciado.
- Preguntas separadas e organizadas por bloques, seguindo a secuencia de como foron traballadas na aula.
- Ir dándolle as preguntas progresivamente e recoller as anteriores.
- Inxerir elementos gráficos (imaxe, esquema) de apoio.
- Supervisión mentres se realiza a proba.
- Reducir o número de preguntas por folla de exame.
- Marcar de negriña ou con cor as palabras clave do enunciado. Si a pregunta ten dúas partes marcarllo dalgunha maneira. O conveniente é que non se dea máis dunha instrución en cada exercicio.
- Complementar os exames escritos de forma oral cando se observe que están incompletos.
- Antes de entregar o exame hai que recordarlle que o revise.
- Cando entregue a proba, o profesor ou profesora debe comprobar si quedaron respostas en branco e verificar si é porque o alumno/a non as sabe ou porque non se dou conta de contestalas.
- Modificar o formato da pregunta: tipo test, algunha parte oral, pregunta curta.

Como alternativas ás probas escritas, o departamento didáctico poderá contemplar a observación diaria, a realización de tarefas ou actividades específicas.

B) TEMPO

- Flexibilizar os tempos.
- Axudarlle a controlar o tempo, recordarlle de cando en vez o tempo que queda, de maneira que lle axude a planificarse.
- Deixar máis tempo para a realización das probas escritas, non descartar dividilas en dúas sesións.

c) CONTIDO (reforzo educativo)

- Redúcense os apartados procedimentais, é dicir, hai unha menor cantidade de exercicios, dado que se trata de alumnos e alumnas con algunha dificultade de comprensión e cun ritmo de traballo máis lento.
- Os procedementos poden ter un exemplo de como realizar o exercicio, para facilitar a súa comprensión.

- Diversificar o tipo de preguntas: verdadeiro-falso, unir conceptos con definicións, colocar cada termo no seu lugar...
- Preguntas comodín: “escribe cousas que saibas do tema”.
- As preguntas abertas veñen pautadas no enunciado ou a través dun guión previo.

Cando se adapten as probas a nivel de contido, a cualificación obtida polo alumnado constará coa mención de reforzo educativo.

Estas adaptacións deben considerarse necesariamente no caso do alumnado que é obxecto de reforzo educativo, ben por parte do profesorado de materia, ben por parte do profesor/a de pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe.

Adaptación dos criterios de cualificación das probas escritas

No caso do alumnado con NEAE, a avaliación centrarase nos estándares mínimos imprescindibles e poderanse flexibilizar os criterios de cualificación da materia.

Igualmente, a puntuación outorgada a cada pregunta que compoñe a proba de avaliación poderá ser diferente que a sinalada na ordinaria.

Os exames de todas as materias débense avaliar en función do contido e non pola presentación, a ortografía ou a forma de expresión. As correccións faranse igualmente, pero non penalizarán na cualificación.

Nos exames das materias que non sexan as de linguas, as faltas de ortografía non poden penalizar na nota final.

Todas as adaptacións realizaranse en todas as convocatorias de exames, tanto nas ordinarias, na extraordinaria de xuño como na recuperación de pendentes.

1.10.3 Plan Específico para o Alumnado Repetidor

As medidas de atención á diversidade que se prevén nesta programación para alumnado repetidor baséanse nas alternativas legais existentes e que se encadran no plano do **Reforzo Educativo**, sempre e cando fose necesario. Todas elas son medidas de carácter ordinario enmarcadas en pautas e estratexias de metodoloxía didáctica.

No relativo a medidas que se implementaran *antes e durante a realización das tarefas na clase* podemos destacar:

- Alternar actividades teóricas con traballo práctico
- Antes de empezar unha actividade, explicar de xeito claro e sinxelo o obxectivo último da tarefa.
- Segmentar as actividades longas e limitar o número destas

- Supervisar frecuentemente a realización, para reforzar positivamente ou para reconducir a execución.

No concernente as propias *tarefas ou deberes*:

- Supervisión dos exercicios asegurando a correcta comprensión.
- Pedir o alumnado que revise os traballos e as probas antes de entregalos.

Consideramos importante manter o contacto coa familia. Para iso manteremos unha comunicación fluída co titor ou titora, para que as familias estean informadas sobre o proceso de aprendizaxe do alumnado, co obxectivo de buscar puntos fortes para a superación da materia no curso repetido.

1.11 Concreción dos Elementos Transversais

O artigo 4 do *Decreto 86/2015, do 25 de xuño do 2015* fai referencia a unha serie de elementos transversais que se deben traballar no conxunto do curso académico, que na maioría dos casos son unha redundancia dos obxectivos de etapa e das competencias que debe adquirir o alumnado. Este apartado fai fincapé na incorporación dunha serie de actitudes e valores que se deben fomentar en todas as materias, independentemente dos contidos específicos para enriquecer a **formación “humana”** dos alumnos e alumnas como cidadáns do mundo.

Os **valores** son aquelas concepcións mentais e espirituais que lle outorgan importancia a determinados actos, pensamentos ou posicións. Os valores adquirense durante toda a vida, sobre todo durante a etapa de inmadurez e son os que determinan as nosas accións e o noso comportamento social adulto. Como valores podemos citar o respecto mutuo, o rexeitamento do racismo, o dereito á vida, o respecto pola natureza e os animais... Tradicionalmente a familia era a encargada de transmitirlos pero hoxe a situación é radicalmente distinta. Os axentes de socialización son moi variados, e cada cal transmite uns valores determinados, por exemplo, os medios de masas afondan no materialismo, na estética, no consumismo o que provoca un comportamento superficial. Sen embargo, a escola ten que loitar contra todo iso e a educación en valores, foi, e é, un principio básico da ensinanza.

O método de ensinar eses valores pode ser variado, pero nas nosas leis educativas o que prima é un modo **transversal**, é dicir, todos os docentes teñen a obriga de axudarlle a albergar valores éticos positivos ó alumando.

Todas as leis educativas contemplan a ensinanza en valores, é habitual celebrar o Día da Paz, o Día da Muller Traballadora, o Día das Letras Galegas... Pero saben os alumnos e alumnas o que realmente se conmemora neses días? Todos os adolescentes coñecen os valores fundamentais que deben definir unha persoa ética que busca a súa felicidade interior e ó mesmo tempo a dos demais, pero sen embargo, coñecer non é o mesmo que interiorizar. **O alumnado necesita que o profesorado lle axude** a saber como poden ser mellores persoas, que mecanismos

éticos deben rexer os seus xuízos, que é o realmente importante e o que non, para poder defenderse da continua presión que os “mass media” están exercendo sobre eles e elas .

Así, **intentaremos traballar de maneira transversal e continuada**: a igualdade entre homes e mulleres, **visibilizando o papel das mulleres** nas distintas etapas históricas e contextos económicos fuxindo dos estereotipos típicos dos libros de texto que sempre sitúan á muller no ámbito privado e sometida ó varón; a capacidade de empatía, de poñerse no lugar do outro, tamén é un valor fundamental para tratar de resolver de maneira pacífica e dialoga os conflitos, rexeitando a violencia, e considerando a igualdade de todas as persoas como un principio inamovible independentemente de raza, orientación sexual, sexo ou procedencia xeográfica; todos eles sen descoidar elementos básicos da formación académica como a comprensión lectora e a expresión oral e escrita, de igual modo, debemos incluír unha referencia básica ó comportamento vial, debido á gran incidencia dos accidentes de tráfico na nosa sociedade. Para o que se empregarán os **contidos** da Historia, da Xeografía, e da Historia Económica, ademais dos intrínsecos á materia de Valores Éticos, xa que son un mecanismo moi válido e útil para educar en valores como os antes referidos sobre todo se se lle aplica o enfoque interdisciplinar comentado; e a propia **actitude na aula á hora de resolver conflitos e regular as relacións entre o alumnado** é unha dimensión igual de importante que non se pode esquecer e que se traballará encarecidamente de acordo ás premisas fundamentais enunciadas no apartado anterior.

1.12 Contribución ao Plan Lector

Se recoñecemos que gran parte do fracaso escolar procede da deficiente comprensión lectora dos alumnos/as, é necesario para dar pulo á práctica da lectura a articulación dun Plan Lector aplicado en cadansúa das materias. Desde esta perspectiva, o Departamento de Xeografía e Historia pretende levar a cabo un Plan Lector específico, ordenado, inmerso na programación e sistematizado desde primeiro a cuarto de Secundaria. Este plan basearase na recomendación continua de obras literarias con valores históricos, xeográficos ou económicos, sen renunciar aos valores éticos. **O alumnado terá a posibilidade** de ler, de xeito **voluntario**, un **libro dos recomendados** polo docente e de **realizar unha tarefa** puntuable como traballo voluntario de ampliación (ver en cada materia os criterios de avaliación).

Ademais, ábrese a posibilidade de contribuír coa biblioteca do centro a fixar uns “itinerarios lectores” nos que, na medida do posible, os libros establecidos como lectura obrigatoria nas materias de Lingua Galega e Lingua Castelá poidan ser empregados por as materias do departamento para traballar de forma interdisciplinar.

1.13 Actividades complementarias e extraescolares

Debido a excepcional situación provocada pola pandemia da COVID-19, as actividades complementarias e extraescolares tal e como se fixeron en cursos pasados quedan **canceladas** debido ás recomendacións explícitas das autoridades educativas.

Sen embargo, ábrese a vía da realización de actividades complementarias pola contorna do centro educativo, dentro do mesmo e los lugares que así se estipule sempre e cando se respecten as directrices sanitarias. A realización destas actividades programarase nas reunións de Departamento e reflectiranse en Acta, ademais de constar na Memoria Final.

Todas as actividades complementarias que se realicen deberán estar vinculadas serán consideradas de obrigatorio cumprimento converténdose en **tarefas avaliáveis** para o cómputo da nota final. O alumnado que non participe nas actividades complementarias deberá realizar a tarefa equivalente e avaliável que o/a docente considere oportuno.

Aquel alumnado que manteña unha actitude disruptiva reiterada na aula, **poderá ser excluído das actividades complementarias cando requiran unha saída do centro escolar** (como medida xeral, tomaranse como referencia, para excluír ao alumnado, os/as que teñan máis de catro partes de incidencias no seu expediente no presente curso escolar).

1.14 Avaliación do proceso de ensino e a práctica docente

Conforme ao establecido no artigo 21, apartado 3 do *Decreto 86/2015*, “o profesor avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o que establecerá indicadores de logro nas programacións didácticas”. Na presente programación establécense os seguintes indicadores de logro a analizar despois de cada avaliación trimestral:

- **Temporalización:**

Analizarase a conformidade da distribución horaria dos contidos impartidos, reflectindo a dimensión e as posibles causas do incumprimento da previsión establecida.

- **Tarefas e materiais didácticos:**

Analizarase a pertinencia e problemas detectados na execución de actividades e uso de materiais, así como a incorporación de elementos relevantes non previstos inicialmente.

- **Progresión de resultados acadados na avaliación dos estándares:**

Darase conta das variacións nos resultados acadados polo alumnado e sinalaranse posibles causas que motiven tanto a evolución positiva como negativa.

Indicadores de logro do proceso de ensino

ESCALA: 1.- DEFICIENTE 2.- APTO 3.- SATISFACTORIO 4.- EXCELENTE

	Escala			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á porcentaxe da nota que reflicte o traballo diario				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

Indicadores de logro da práctica docente

	Escala			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				

11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.				
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				
17. Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

1.15 Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica

A labor de reprogramación perfectiva e unha necesidade non discutible, como tamén é certo que establecer una relación causa-efecto respecto de que parámetros son os que determinan os resultados no proceso de ensinanza-aprendizaxe, é tarefa sumamente difícil.

O marco máis axeitado para valorar e avaliar a programación son a posta en práctica na aula e as reunións de departamento.

É precisa unha valoración colectiva con aportacións desde diferentes perspectivas.

A reconsideración da programación debe estar baseada coa maior cantidade de datos obxectivos posible; consideráranse entre outros:

- As horas asignadas a cada unidade didáctica.
- A extensión dos contidos impartidos en relación cos previstos.
- O grado de consecución por parte do alumnado dos obxectivos previstos e da competencia acadada.
- O grado de consecución das metas fixadas polo profesor/a no exercicio da súa actividade profesional.
- Os resultados das avaliacións externas e internas.
- A valoración do que atinxe á metodoloxía e recursos didácticos empregados fundada na reaccións do alumnado durante a explicación e no traballo na clase.

Os posibles cambios formais levaríanse a cabo preferiblemente na programación do curso inmediatamente seguinte e, de ser o caso e por razóns relevantes e urxentes, no propio curso no que se detecte a necesidade de modificar algún aspecto acordado polo Departamento ou recomendado polas autoridades educativas.

Ao finalizar o curso en xuño, o departamento elaborará unha **Memoria Final** onde se recollerán os seguintes puntos en relación a cada materia impartida:

- A. Táboa de datos estatísticos coa análise dos resultados obtidos na avaliación final: porcentaxes de alumnos/as que promocionan e non promocionan, porcentaxes desglosadas por cualificacións e porcentaxe de non presentados/as.
- B. Valoración do curso e grupos.
- C. Cumprimento da programación e xustificación da parte da programación non impartida.
- D. Nivel de desenvolvemento e obxectivos acadados.
- E. Adecuación da Avaliación.
- F. Desenvolvemento e resultado das actividades complementarias.
- G. Indicadores de logro da avaliación da programación:

	1	2	3	4
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.				
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.				
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.				
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				

12. Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).				
13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.				
14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.				
16. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				
17. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.				
18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.				
19. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.				
20. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.				
21. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes.				
22. Adecuación das probas escritas.				
23. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.				
24. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
25. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
27. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				
28. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
29. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
30. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				

1.16 Información ao alumnado

Tal e como establece no apartado 7 da *Orde do 6 de setembro de 2007* e no artigo 8 da *Orde do 21 de decembro de 2007, pola que se regula a Avaliación da ESO*, “no comezo de cada curso, os departamentos didácticos, a través do profesorado, informarán a cada grupo de alumnos dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación esixidos para obter unha valoración positiva nas distintas materias, así como os criterios de cualificación, os instrumentos de avaliación da aprendizaxe que se utilizaran, así como das medidas de reforzo e recuperación previstas”.

Co obxectivo de dar cumprimento ao establecido nos apartados anteriores, a programación didáctica do departamento estará **dispoñible na páxina web do centro** e, ademais, o profesorado responsable de cada grupo materia, proporcionaralle ao alumnado a través da **Aula Virtual de Moodle** a comezos do

curso, os criterios de avaliación, cualificación e recuperación e remitiraos á programación da materia.

Así mesmo, dado que o presente curso temos agrupamento de horas, o alumnado que non asista á clase será informado de forma oral e por escrito dos avances na materia e/ou actividades realizadas ou fixadas a través da aula virtual ou de correo electrónico.

2. XEOGRAFÍA E HISTORIA 1º ESO

2.1. Concreción dos obxectivos

Os obxectivos de área de Xeografía e Historia de 1º de ESO buscan:

- Analizar e identificar as formas de representación do noso planeta utilizando datos de coordenadas xeográficas.
- Describir o medio físico europeo.
- Situar no mapa de Europa as principais unidades e elementos do relevo continental.
- Coñecer, describir e situar no mapa, os grandes conxuntos bioclimáticos que conforman o espazo xeográfico europeo.
- Coñecer os principais espazos naturais de Europa.
- Manexar diferentes representacións cartográficas e as súas escalas.
- Localizar no mapamundi, as principais unidades do relevo mundial e os grandes ríos.
- Localizar no globo terráqueo, as grandes zonas climáticas e identificar as súas características.
- Analizar a acción do ser humano sobre o medio e as súas consecuencias.
- Comprender e explicar o proceso de hominización.
- Analizar os principais acontecementos da historia da humanidade, situándoos nos distintos períodos históricos.
- Datar os diferentes períodos históricos situándoos en diferentes eixes cronolóxicos.
- Coñecer os primeiros ritos relixiosos.
- Coñecer e describir as características da vida humana en cada período histórico.
- Describir a organización socioeconómica das civilizacións, despois do neolítico.
- Comprender a diacronía e sincronía de diferentes culturas.
- Recoñecer a importancia do descubrimento da escritura.
- Comprender e explicar os principais trazos das culturas grega e romana.

2.2. Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, e competencias clave

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 1º curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. O medio físico				
b e f g	B1.1. A Terra: a Terra no Sistema Solar.	B1.1. Coñecer o Sistema Solar e establecer as relacións entre os movementos da terra e a existencia das estacións e do día e da noite, e comprender a súa importancia na distribución dos climas e da Biota.	XHB1.1.1. Interpreta como inflúen os movementos astronómicos na distribución da radiación solar e nas zonas bioclimáticas do planeta.	CAA CMCCT CD
			XHB1.1.2. Analiza un mapa de fusos horarios e diferencia zonas do planeta de similares horas.	CAA CMCCT CD

b e f g	B1.2. Representación da Terra. Escala e linguaxe cartográfica.	B1.2. Identificar e distinguir os sistemas de representación cartográfica, en soporte analóxico e dixital, e as súas escalas	XHB1.2.1. Clasifica e distingue proxecións, e compara unha proxeción de Mercator con unha de Peters.	CAA CMCCT CD
b e f g	B1.3. Proxeccións e sistemas de coordenadas. Imaxes de satélite e os seus principais usos.	B1.3. Analizar e identificar o mapa, e coñecer as imaxes de satélite e os seus usos principais.	XHB1.3.1. Clasifica e distingue tipos de imaxes de satélite e mapas.	CAA CMCCT CD
b e f g	B1.4. Localización. Latitude e lonxitude.	B1.4. Localizar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou imaxe de satélite, utilizando datos de coordenadas xeográficas.	XHB1.4.1. Localiza un punto xeográfico nun planisferio e distingue os hemisferios da Terra e as súas principais características.	CAA CMCCT CD
			XHB1.4.2. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa, utilizando datos de coordenadas xeográficas.	CAA CMCCT CD
b e f g h	B1.5. Trazos principais do relevo do mundo. Clima: elementos e factores. Diversidade no planeta.	B1.5. Localizar no mapamundi físico as principais unidades do relevo mundiais, os grandes ríos e as grandes zonas climáticas, e identificar as súas características.	XHB1.5.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo europeo e mundial.	CAA CMCCT CD
b e f g h	B1.6. Medio físico do mundo e de Europa: relevo e hidrografía.	B1.6. Ter unha visión global do medio físico europeo e mundial, e das súas características xerais.	XHB1.6.1. Localiza nun mapa físico mundial os elementos e as referencias físicas principais: mares e océanos, continentes, illas e arquipélagos máis importantes, ríos e cadeas montañosas principais.	CAA CMCCT CD CCL
			XHB1.6.2. Elabora climogramas e	CAA CMCCT

			mapas que sitúen os climas do mundo e reflectan os elementos máis importantes.	CD CCL
b e f g h m	B1.7. Medio natural europeo: principais trazos.	B1.7. Ser capaz de describir as peculiaridades do medio físico europeo.	XHB1.7.1. Explica as características xerais do relevo europeo.	CAA CMCCT CD CCL CAA
b e f g	B1.8. Unidades do relevo do espazo xeográfico europeo.	B1.8. Situar no mapa de Europa as unidades e os elementos principais do relevo continental.	XHB1.8.1. Localiza no mapa as unidades e os elementos principais do relevo europeo.	CAA CMCCT CD
b e f h m	B1.9. Conxuntos bioclimáticos do espazo xeográfico europeo.	B1.9. Coñecer, comparar e describir os grandes conxuntos bioclimáticos que conforman o espazo xeográfico europeo.	XHB1.9.1. Clasifica e localiza nun mapa os tipos de clima de Europa.	CAA CMCCT CD CCL
			XHB1.9.2. Distingue e localiza nun mapa as zonas bioclimáticas do noso continente.	CAA CMCCT CD
b e f m	B1.10. Diversidade de espazos naturais europeos.	B1.10. Coñecer os principais espazos naturais do noso continente.	XHB1.10.1. Localiza nun mapa e en imaxes de satélite de Europa os principais espazos naturais.	CAA CMCCT CD
b e f g h m	B1.11. Medio natural: áreas e problemas ambientais.	B1.11. Coñecer, describir e valorar a acción do ser humano sobre o ambiente e as súas consecuencias.	B1.11.1. Realiza procuras en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles.	CAA CMCCT CD CCL
Bloque 3. A Historia				
g l ñ	B3.1. Relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia.	B3.1. Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senón que determina o presente e os	XHB3.1.1. Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado.	CSC CCEC

		posibles futuros e espazos, ou influéneles.		
g l ñ	B3.2. Fontes históricas.	B3.2. Identificar, nomear e clasificar fontes históricas, e explicar diferenzas entre interpretacións de fontes diversas.	XHB3.2.1. Nomea e identifica catro clases de fontes históricas.	CSC CAA
			XHB3.2.2. Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, sexan estas restos materiais ou textuais.	CSC CAA
			XHB3.2.3. Compara dous relatos a distintas escalas temporais sobre as conquistas de Alexandre.	CSC CAA
l ñ	B3.3. Cambio e continuidade.	B3.3. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación.	XHB3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.	CSC CMCCT
f l ñ	B3.4. Tempo histórico.	B3.4. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía).	XHB3.4.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.	CSC CMCCT
h l ñ	B3.5. Vocabulario histórico e artístico.	B3.5. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.	XHB3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época.	CSC CCL
f l	B3.6. Evolución das especies e a hominización.	B3.6. Entender o proceso de hominización.	XHB3.6.1. Recoñece os cambios evolutivos ata chegar á especie humana.	CSC CMCCT

f l	B3.7. Periodización da Prehistoria e a Idade Antiga.	B3.7. Datar a Prehistoria e a Idade Antiga, e distinguir a escala temporal de etapas como estas.	XHB3.7.1. Distingue etapas dentro da historia antiga.	CSC CMCCT
f g l	B3.8. Prehistoria e Idade Antiga: visión global.	B3.8. Identificar e localizar no tempo e no espazo os procesos e os acontecementos históricos máis salientables da Prehistoria e da Idade Antiga, para adquirir unha perspectiva global da súa evolución.	XHB3.8.1. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.	CSC CMCCT CAA
c g h l n ñ	B3.9.1. Paleolítico: etapas; características das formas de vida; cazadores colectores. B3.9.2. Neolítico: revolución agraria e expansión das sociedades humanas; sedentarismo; artesanía e comercio; organización social. B3.9.3. Prehistoria galega: megalitos e petróglifos.	B3.9. Coñecer as características da vida humana correspondentes aos dous períodos en que se divide a Prehistoria: Paleolítico e Neolítico.	XHB3.9.1. Explica a diferenza entre os dous períodos en que se divide a prehistoria e describe as características básicas da vida en cada un.	CSC CCL CAA
			XHB3.9.2. Analiza a transcendencia da revolución neolítica e o papel da muller nela.	CSC CAA
l n	B3.10. Aparición dos ritos: restos materiais e artísticos; pintura e escultura.	B3.10. Identificar os primeiros ritos relixiosos.	XHB3.10.1. Recoñece as funcións dos primeiros ritos relixiosos como os da "deusa nai".	CSC CCEC
a c d g h l	B3.11. Idade Antiga: primeiras civilizacións urbanas. Mesopotamia e Exipto. Sociedade, economía e política.	B3.11. Coñecer algunhas características da vida humana neste período, así como o establecemento e a difusión de diferentes culturas urbanas, despois do neolítico.	XHB3.11.1. Describe formas de organización socio-económica e política, novas ata entón, como os imperios de Mesopotamia e de Exipto.	CSC CAA CCL
g	B3.12. Idade Antiga: invención da	B3.12. Recoñecer a importancia da	XHB3.12.1. Diferencia entre as fontes	CSC

h l	escritura.	descuberta da escritura.	prehistóricas (restos materiais e ágrafos) e as fontes históricas (textos).	CAA
f g h l	B3.13. Idade Antiga: historia de Exipto.	B3.13. Explicar as etapas en que se divide a historia de Exipto.	XHB3.13.1. Interpreta un mapa cronolóxico- xeográfico da expansión exipcia.	CSC CMCCT CAA
			XHB3.13.2. Describe as principais características das etapas históricas en que se divide Exipto.	CSC CCL
g h l	B3.14. Idade Antiga: relixión exipcia.	B3.14. Identificar as principais características da relixión exipcia.	XHB3.14.1. Explica como materializaban os exipcios a súa crenza na vida do alén.	CSC CCEC CCL
			XHB3.14.2. Realiza un mapa conceptual cos principais deuses do panteón exipcio.	CSC CCEC CAA
g h l	B3.15. Idade Antiga: arte en Mesopotamia e Exipto.	B3.15. Localizar e describir algúns exemplos arquitectónicos de Exipto e de Mesopotamia.	XHB3.15.1. Localiza nun mapa os principais exemplos da arquitectura exipcia e da mesopotámica.	CSC CCEC CAA
a c d g h l	B3.16. Mundo clásico. Grecia: as "polis" gregas e a súa expansión.	B3.16. Coñecer os trazos principais das polis gregas e a transcendencia do concepto de democracia.	XHB3.16.1. Identifica trazos da organización socio- política e económica das polis gregas a partir de fontes históricas de diferentestipos	CSC CAA
			XHB3.16.2. Describe algunhas das diferenzas entre a democracia grega e as democracias actuais.	CSC CCL CAA
g l	B3.17. Mundo clásico. Grecia: expansión comercial e política das polis gregas.	B3.17. Entender a transcendencia do concepto de colonización.	XHB3.17.1. Localiza nun mapa histórico as colonias gregas do Mediterráneo.	CSC CAA

a c d g l	B3.18. Mundo clásico. Imperio de Alexandre Magno e os seus sucesores: helenismo.	B3.18. Distinguir entre o sistema político grego e o helenístico.	XHB3.18.1. Elabora un mapa do imperio de Alexandre.	CSC CAA
			XHB3.8.2. Contrasta as accións políticas da Atenas de Pericles co imperio de Alexandre Magno.	CSC CAA
f g h l n	B3.19. Mundo clásico. Grecia e o helenismo: arte, ciencia, teatro e filosofía.	B3.19. Entender o alcance do clásico na arte e na cultura occidentais.	XHB3.19.1. Explica as características esenciais da arte grega e a súa evolución no tempo.	CSC CCEC CCL
			XHB3.19.2. Dá exemplos representativos das áreas do saber grego, e discute por que se considera que a cultura europea parte da Grecia clásica.	CSC CCEC CMCCT CAA CCL
a c d g l	B3.20. Mundo clásico: orixe e etapas da historia de Roma. República e imperio: organización política e expansión colonial polo Mediterráneo. Cristianismo.	B3.20. Caracterizar os trazos principais da sociedade, a economía e a cultura romanas, e recoñecer os conceptos de cambio e continuidade na historia da Roma antiga.	XHB3.20.1. Confecciona un mapa coas etapas da expansión de Roma.	CSC CAA
			XHB3.20.2. Identifica diferenzas e semellanzas entre as formas de vida republicanas e as do imperio na Roma antiga.	CSC CAA
g l n ñ	B3.21. Mundo clásico. Arte romana: arquitectura, escultura e pintura.	B3.21. Identificar e describir os trazos característicos de obras da arte grega e romana, diferenciando entre os que son específicos.	XHB3.21.1. Compara obras arquitectónicas e escultóricas de época grega e romana.	CSC CCEC CAA
g l n ñ	B3.22. Península Ibérica: pobos prerromanos; Hispania romana; Gallaecia. Proceso de romanización. A cidade e o campo.	B3.22. Establecer conexións entre o pasado da Hispania romana e o presente.	XHB3.22.1. Fai un mapa da Península Ibérica onde se reflicten os cambios administrativos en época romana.	CSC CAA

			XHB3.22.2. Analiza exemplos do legado romano que sobreviven na actualidade.	CSC CCEC CAA
			XHB3.22.3. Entende o que significou a romanización en distintos ámbitos sociais e xeográficos.	CSC CCEC

2.3. Concreción para cada estándar de aprendizaxe (temporalización, grao mínimo de consecución, procedementos e instrumentos de avaliación)

Os procedementos e instrumentos de avaliación serán os que seguen:

A. TRABALLO DIARIO.

- Procedementos: tarefas diversas realizadas polo alumnado durante a actividade diaria na clase: caderno de clase do alumno, resolución de exercicios, actividades TIC, actividades creativas, preguntas individuais, participación do alumnado, intervencións en debates, reflexións, exposición de traballos individuais o en grupo...
- Instrumentos: ficha académica do alumnado (registro) e rúbricas con indicadores de logro (corrección).

B. PROBAS ESCRITAS.

- Procedemento: Probas escritas individuais realizadas sobre os contidos e os procedementos explicados e traballados na clase.
- Instrumento: A proba en si.

Criterio de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Temporalización : Trimestre	Avaliación
				Instrumentos de e procedementos de avaliación
XH-B1.1	1º-XHB1.1.1 - Interpreta como inflúen os movementos astronómicos na distribución da radiación solar e nas zonas bioclimáticas do planeta.	Coñecer o Sistema Solar e saber como inflúen os movementos astronómicos na radiación solar e nas zonas bioclimáticas do planeta.	1º	A, B
XH-B1.1	1º-XHB1.1.2 - Analiza un mapa de fusos horarios e diferencia zonas do	Analizar un mapa de fusos horarios.	1º	A, B

	planeta de similares horas.			
XH-B1.2	1º-XHB1.2.1 - Clasifica e distingue proxeccións, e compara unha proxección de Mercator con unha de Peters.	Distinguir os principais tipos de proyeccións cartográficas.	1º	A, B
XH-B1.3	1º-XHB1.3.1 - Clasifica e distingue tipos de imaxes de satélite e mapas.	Clasificar os distintos tipos de mapas e imaxes xeográficas.	1º	A, B
XH-B1.4	1º-XHB1.4.1 - Localiza un punto xeográfico nun planisferio e distingue os hemisferios da Terra e as súas principais características.	Localiza puntos xeográficos nun planisferio e distinguir os hemisferios da Terra e os seus trazos.	1º	A, B
XH-B1.4	1º-XHB1.4.2 - Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa, utilizando datos de coordenadas xeográficas.	Localizar espazos xeográficos nun mapa coas coordenadas xeográficas.	1º	A, B
XH-B1.5	1º-XHB1.5.1 - Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo europeo e mundial.	Situar nun mapa físico as principais unidades do relevo europeo e mundial.	1º	A, B
XH-B1.6	1º-XHB1.6.1 - Localiza nun mapa físico mundial os elementos e as referencias físicas principais: mares e océanos, continentes, illas e arquipélagos máis importantes, ríos e cadeas montañosas principais.	Localizar nun mapa físico mundial os principais accidentes xeográficos, elementos ou formas do relevo tanto terrestre como mariño.	1º	A, B
XH-B1.6	1º-XHB1.6.2 - Elabora climogramas e mapas que sitúen os climas do mundo e reflectan os elementos máis importantes.	Saber elaborar climogramas e mapas climáticos sinxelos e analízalos sumariamente.	2º	A, B
XH-B1.7	1º-XHB1.7.1 - Explica as características xerais do relevo europeo.	Coñecer os principais trazos do relevo europeo.	1º	A, B

XH-B1.8	1º-XHB1.8.1 - Localiza no mapa as unidades e os elementos principais do relevo europeo.	Localizar nunha cartografía as unidades e elementos do relevo europeo.	1º	A, B
XH-B1.9	1º-XHB1.9.1 - Clasifica e localiza nun mapa os tipos de clima de Europa.	Clasificar e localizar os climas de Europa nun mapa.	2º	A, B
XH-B1.9	1º-XHB1.9.2 - Distingue e localiza nun mapa as zonas bioclimáticas do noso continente.	Distinguir e localizar nun mapa as zonas bioclimáticas do noso continente.	2º	A, B
XH-B1.10	1º-XHB1.10.1 - Localiza nun mapa e en imaxes de satélite de Europa os principais espazos naturais.	Localizar nunha cartografía tradicional e aérea os espazos naturais de Europa.	2º	A, B
XH-B1.11	1º-XHB1.11.1 - Realiza procuras en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles.	Achegar aportes sobre os principais problemas ambientais empregando distintas fontes.	2º	A
XH-B3.1	1º-XHB3.1.1 - Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado.	Coñecer o legado que nos deixou o noso pasado cultural.	2º	A, B
XH-B3.2	1º-XHB3.2.1 - Nomea e identifica catro clases de fontes históricas.	Recoñecer as fontes históricas e identificalas.	2º	A, B
XH-B3.2	1º-XHB3.2.2 - Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, sexan estas restos materiais ou textuais.	Entender a necesidade das fontes para elaborar o relato histórico.	2º	A, B
XH-B3.2	1º-XHB3.2.3 - Compara dous relatos a distintas escalas temporais sobre as conquistas de Alexandre.	Comparar dous relatos a distintas escalas temporais sobre as conquistas de Alexandre o Magno.	2º	A, B

XH-B3.3	1º-XHB3.3.1 - Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.	Saber ordenar nun eixe cronolóxico feitos históricos empregando os principios de sucesión, duración e simultaneidade.	2º	A, B
XH-B3.4	1º-XHB3.4.1 - Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.	Entender o feito da simultaneidade entre distintas culturas.	2º	A, B
XH-B3.5	1º-XHB3.5.1 - Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época.	Aprender e empregar o vocabulario histórico e artístico de cada periodo estudado.	2º	A, B
XH-B3.6	1º-XHB3.6.1 - Recoñece os cambios evolutivos ata chegar á especie humana.	Recoñecer o proceso de hominización.	2º	A, B
XH-B3.7	1º-XHB3.7.1 - Distingue etapas dentro da Historia Antiga.	Distinguir etapas dentro da Historia Antiga.	2º	A, B
XH-B3.8	1º-XHB3.8.1 - Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.	Elaborar distintos eixes cronolóxicos e mapas históricos.	2º	A, B
XH-B3.9	1º-XHB3.9.1 - Explica a diferenza entre os dous períodos en que se divide a prehistoria e describe as características básicas da vida en cada un.	Explicar razoadamente as características de cada período da Prehistoria.	2º	A, B
XH-B3.9	1º-XHB3.9.2 - Analiza a transcendencia da revolución neolítica e o papel da muller nela.	Entender a denominada revolución neolítica e o papel que a muller xogou nela.	2º	A
XH-B3.10	1º-XHB3.10.1 - Recoñece as funcións dos primeiros ritos relixiosos como os da "deusa nai".	Recoñecer as funcións dos primeiros ritos relixiosos.	2º	A, B
XH-B3.11	1º-XHB3.11.1 - Describe formas de organización socio-económica e	Analizar a política, sociedade e economía de Mesopotamia e Exipto e o seu legado.	2º	A, B

	política, novas ata entón, como os imperios de Mesopotamia e de Exipto.			
XH-B3.12	1º-XHB3.12.1 - Diferencia entre as fontes prehistóricas (restos materiais e ágrafos) e as fontes históricas (textos).	Diferencias entre as fontes prehistóricas como os restos materiais e as fontes históricas escritas.	2º	A
XH-B3.13	1º-XHB3.13.1 - Interpreta un mapa cronolóxico-xeográfico da expansión exipcia.	Interpretar a expansión exipcia sobre un mapa.	2º	A
XH-B3.13	1º-XHB3.13.2 - Describe as principais características das etapas históricas en que se divide Exipto.	Describir sumariamente as etapas históricas de Exipto.	2º	A, B
XH-B3.14	1º-XHB3.14.1 - Explica como materializaban os exipcios a súa crenza na vida do alén.	Explicar a vida de ultratumba no antigo Exipto.	2º	A, B
XH-B3.14	1º-XHB3.14.2 - Realiza un mapa conceptual cos principais deuses do panteón exipcio.	Realizar un mapa de conceptos cos principais deuses do panteón exipcio.	2º	A
XH-B3.15	1º-XHB3.15.1 - Localiza nun mapa os principais exemplos da arquitectura exipcia e da mesopotámica.	Localizar nun mapa os principais exemplos da arquitectura exipcia e da mesopotámica.	2º	A, B
XH-B3.16	1º-XHB3.16.1 - Identifica trazos da organización socio-política e económica das polis gregas a partir de fontes históricas de diferentes tipos.	Analizar os rasgos sociais, políticos e económicos das poles gregas empregando distintas fontes.	3º	A, B
XH-B3.16	1º-XHB3.16.2 - Describe algunhas das diferenzas entre a democracia grega e as democracias actuais.	Describir as principais diferenzas entre a democracia grega e a actual.	3º	A, B
XH-B3.17	1º-XHB3.17.1 - Localiza nun mapa histórico as	Localizar nun mapa as colonias gregas do mediterráneo.	3º	A, B

	colonias gregas do Mediterráneo.			
XH-B3.18	1º-XHB3.18.1 - Elabora un mapa do imperio de Alexandre.	Elaborar un mapa do imperio de Alexandre o Magno.	3º	A, B
XH-B3.18	1º-XHB3.18.2 - Contrasta as accións políticas da Atenas de Pericles co imperio de Alexandre Magno.	Analizar e contrastar as accións políticas da Atenas de Pericles co imperio de Alexandre o Magno.	3º	A, B
XH-B3.19	1º-XHB3.19.1 - Explica as características esenciais da arte grega e a súa evolución no tempo.	Comentar as características da arte grega e a evolución da mesma no tempo.	3º	A, B
XH-B3.19	1º-XHB3.19.2 - Dá exemplos representativos das áreas do saber grego, e discute por que se considera que a cultura europea parte da Grecia clásica.	Proporcionar exemplos das aportacións gregas no mundo da cultura e ciencia e entender por que é a base da cultura europea.	3º	A, B
XH-B3.20	1º-XHB3.20.1 - Confecciona un mapa coas etapas da expansión de Roma.	Elaborar un mapa coas etapas da expansión de Roma.	3º	A, B
XH-B3.20	1º-XHB3.20.2 - Identifica diferenzas e semellanzas entre as formas de vida republicanas e as do imperio na Roma antiga.	Analizar as diferenzas e semellanzas entre a República romana e o imperio.	3º	A, B
XH-B3.21	1º-XHB3.21.1 - Compara obras arquitectónicas e escultóricas de época grega e romana.	Analizar obras de arquitectura e escultura de época grega e romana.	3º	A, B
XH-B3.22	1º-XHB3.22.1 - Fai un mapa da Península Ibérica onde se reflicten os cambios administrativos en época romana.	Realizar un mapa da Península Ibérica onde se recolla a evolución administrativa en época romana.	3º	A, B
XH-B3.22	1º-XHB3.22.2 - Analiza exemplos do legado romano que sobreviven na actualidade.	Concretar exemplos do legado romano que sobrevivan na actualidade.	3º	A, B

XH-B3.22	1º-XHB3.22.3 - Entende o que significou a romanización en distintos ámbitos sociais e xeográficos.	Comprender o termo "romanización" en todos os ámbitos.	3º	A, B
----------	--	--	----	------

2.4. Criterios de cualificación, promoción e recuperación

A. **As probas escritas, que supoñen un 70% do total da cualificación final de cada avaliación.**

- En cada avaliación o alumnado realizará dúas ou máis probas escritas que determinarán parte da cualificación. Estas probas recollerán aspectos que foron obxecto de traballo na clase: textos, gráficas, estatísticas, mapas, estudos comparativos, definición de conceptos, desenvolvemento dun tema dun xeito sinxelo. As probas adaptaranse ao nivel do grupo e ás diferentes capacidades de cada alumno/a. A cualificación final das probas escritas de cada avaliación será o resultado da media matemática das notas obtidas en cada unha delas.
- O Departamento considera necesario que aparezan nas probas as puntuacións correspondentes a cada pregunta que, dependendo da súa importancia, poderá ser maior ou menor. De todas maneiras, o profesorado, trala corrección das probas, ensinará estas ao alumnado que, desta maneira, coñecerá cal é a cualificación que obtivo en cada pregunta en relación coa cualificación total da mesma.
- Este Departamento, á hora de avaliar as diferentes probas escritas, terá en conta os seguintes aspectos: erros cronolóxicos, digresións, é dicir, desaxuste no que se refire ao preguntado na proba escrita, ausencia de referencias cronolóxicas, respostas incompletas e incoherencia á hora de expoñer as ideas, mala presentación e as faltas de ortografía.

B. **O 30% restante do total da cualificación final serán o caderno do alumnado, actividades e tarefas individuais e/ou grupais.**

- Cada avaliación considerarase superada cando o alumnado obteña unha media igual ou superior a 5 sobre 10.
- O alumnado superará a materia en xuño se a media aritmética das tres avaliacións ten como resultado unha nota superior ou igual a 5. Cada avaliación ten a mesma ponderación de cara á nota final do curso. A nota final da materia en xuño será o resultado media aritmética das tres avaliacións.

- De non superar algunha das tres avaliacións, o alumno/ a poderá facelo a través dunha proba que realizará ao inicio do seguinte trimestre, no caso da 1ª e 2ª, e ao final do último, no caso da terceira avaliación.
- Este Departamento realizará no mes de xuño unha proba extraordinaria para o alumnado que non conseguira aprobar a materia na avaliación ordinaria. A proba de xuño incluírá a materia que foi explicada ao longo do curso académico. O alumnado recibirá un caderno de actividades para preparar a materia e este terá un valor do 20% do total da nota final se é realizado de forma correcta e entregado o día da proba extraordinaria.

*O alumnado terá a posibilidade de realizar, de xeito voluntario, un traballo de ampliación baixo a suxestión do docente, puntuable cunha nota máxima de 0,5. A nota da tarefa sumarase á final que obteña o alumno/a en cada trimestre.

*O Alumnado que empregue métodos fraudulentos para a resolución das probas escritas, traballos ou tarefas terá unha cualificación de 0 nesa proba, e repetirá a proba escrita, traballo ou tarefa no mínimo período de tempo posible estipulado polo docente. Ademais, recibirá a sanción correspondente polo incumprimento das NOF onde aparece tipificada como “Uso de métodos fraudulentos en probas e tarefas” (parte laranxa).

En caso de ter que recorrer ao **ensino telemático de forma xeneralizada**, os criterios de avaliación adaptaranse á nova realidade, pasando a un **sistema de avaliación onde o 100% da nota sairá do traballo diario do alumnado** (asistencia ás clases telemáticas, intervencións nas mesmas, entrega de tarefas, cuestionarios, formularios e demais actividades que o docente considere oportuno).

3. XEOGRAFÍA E HISTORIA 2º ESO

3.1. Concreción dos obxectivos

- Coñecer e localizar os principais espazos xeográficos de España e Galicia, analizando as súas peculiaridades físicas: relevo, clima, bioxeografía. . .

- Identificar a distribución da poboación no planeta, España e Galicia, entender o concepto de densidade de poboación e especificar os factores que condicionan a distribución (factores físicos, históricos e económicos).
- Explicar as distintas fases da evolución da poboación mundial, comparando os réximes demográficos dos países desenvolvidos e dos países subdesenvolvidos.
- Explicar o modelo de transición demográfica e as consecuencias do actual avellentamento da poboación nos países desenvolvidos, facendo especial fincapé nas series estatísticas de Galicia e de España, así como explicar as causas e as consecuencias das súas dinámicas.
- Realizar actividades relacionadas co estudo demográfico: elaborar e interpretar pirámides de poboación, realizar cálculos de densidades de poboación, interpretar series estatísticas etc.
- Comprender as causas dos movementos migratorios e clasificar os distintos tipos de migracións segundo as causas que as motivan, o destino ao que se dirixen; a súa forma e mais a súa duración.
- Identificar os fluxos migratorios na actualidade e analizar a evolución dos movementos migratorios no Mundo, Europa, España e Galicia, e reflexionar sobre as consecuencias que xeran estes movementos migratorios nos territorios emisores e receptores de inmigrantes.
- Explicar o proceso de urbanización mundial e europeo e, concretamente, o de España e Galicia, así como marcar os trazos esenciais dos nosos sistemas urbanos e o seu impacto na organización do territorio.
- Ordenar os acontecementos históricos en eixes cronolóxicos e localizalos no espazo co fin de adquirir unha perspectiva global da evolución histórica da Humanidade que teña en conta os procesos de cambio e de permanencia.
- Manexar vocabulario histórico e artístico ligado a etapa medieval.
- Entender as consecuencias da caída do Imperio Romano e analizar os trazos dos reinos xermánicos.
- Explicar a organización feudal e as súas consecuencias.
- Analizar a evolución dos reinos cristiáns e musulmáns, nos seus aspectos socioeconómicos, políticos e culturais.
- Analizar as causas e a evolución da Reconquista, así como o proceso de repoboamento dos territorios ocupados, localizando no mapa as etapas máis importantes.
- Coñecer a arte e a cultura das distintas comunidades que conviviron na Península: xudeus, mozárabes, mudéxares etc.
- Explicar os trazos distintivos da arte románica e gótica en Europa, España e Galicia na súas diversas manifestacións: arquitectura, escultura e pintura.

3.2. Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, e competencias clave

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 2º curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. O medio físico				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ f ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Localización. Latitude e lonxitude. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Localizar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou nunha imaxe de satélite, utilizando datos de coordenadas xeográficas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.1.1. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa de España e de Galicia, utilizando datos de coordenadas xeográficas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ f ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Características xerais do medio físico de España e de Galicia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Ter unha visión global do medio físico de España e de Galicia, e das súas características xerais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.2.1. Enumera e describe as peculiaridades do medio físico español e galego. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ f ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Medio físico de España: relevo e hidrografía. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Situar no mapa de España as unidades e os elementos principais do relevo peninsular, así como os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.3.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo español. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.3.2. Describe as unidades de relevo con axuda do mapa físico de España. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ f ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Medio físico de Galicia: relevo e hidrografía. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Situar no mapa de Galicia as unidades e os elementos principais do relevo, así como os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.4.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo galego. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.4.2. Describe as unidades de relevo con axuda do mapa físico de Galicia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ f ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Clima: elementos e factores. Diversidad e climática da Península Ibérica e de Galicia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Coñecer e describir os grandes conxuntos bioclimáticos que conforman o espazo xeográfico español e galego. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.5.1. Localiza nun mapa os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos de España. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.5.2. Analiza e compara as zonas bioclimáticas españolas utilizando gráficos e imaxes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD

			<ul style="list-style-type: none"> XHB1.5.3. Localiza nun mapa os espazos bioclimáticos de Galicia. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CMCCT CD
<ul style="list-style-type: none"> b e f g m 	<ul style="list-style-type: none"> B1.6. Diversidade de paisaxes. Zonas bioclimáticas da Península Ibérica e de Galicia. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.6. Coñecer os principais espazos naturais de España e de Galicia. 	<ul style="list-style-type: none"> XHB1.6.1. Distingue e localiza nun mapa as paisaxes de España e de Galicia. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CMCCT CD
<ul style="list-style-type: none"> b e f g h m ñ 	<ul style="list-style-type: none"> B1.7. Medio natural e problemas ambientais en España. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.7. Coñecer, describir e valorar a acción do ser humano sobre o ambiente español e galego, e as súas consecuencias. 	<ul style="list-style-type: none"> XHB1.7.1. Realiza procuras en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais en España e en Galicia, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CMCCT CD CCL
Bloque 2. O espazo humano				
<ul style="list-style-type: none"> b c e f g 	<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Poboación mundial: modelos demográficos e movementos migratorios. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Comentar a información en mapas do mundo sobre a densidade de poboación e as migracións. 	<ul style="list-style-type: none"> XHB2.1.1. Localiza no mapa mundial os continentes e as áreas máis densamente poboadas. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CMCCT CSC CD
			<ul style="list-style-type: none"> XHB2.1.2. Explica o impacto das ondas migratorias nos países de orixe e nos de acollemento. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CMCCT CSC CD
<ul style="list-style-type: none"> b c e f g h 	<ul style="list-style-type: none"> B2.2. Poboación europea: distribución e evolución. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.2. Analizar a poboación europea no relativo á súa distribución, evolución e dinámica, e ás súas migracións e políticas de poboación. 	<ul style="list-style-type: none"> XHB2.2.1. Explica as características da poboación europea. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CCL CSC CD
			<ul style="list-style-type: none"> XHB2.2.2. Compara entre países a poboación europea segundo a súa distribución, a súa evolución e a súa dinámica. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CMCCT CSC CD CCL
<ul style="list-style-type: none"> b c e f 	<ul style="list-style-type: none"> B2.3. Poboación española: evolución, distribución 	<ul style="list-style-type: none"> B2.3. Analizar as características da poboación española, a súa distribución, dinámica e evolución, e os movementos migratorios. 	<ul style="list-style-type: none"> XHB2.3.1. Explica a pirámide de poboación de España e das súas comunidades autónomas. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CMCCT CSC CD

<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ h 	<p>n e dinámica. Movements os migratorio s.</p>			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> B3.3. Recoñecer a necesidade de planificar o negocio das empresas ligándoa á 	<ul style="list-style-type: none"> IAEEB3.3.1. Presenta un estudo de viabilidade económico-financieiro a medio prazo do proxecto de empresa, aplicando condicións reais de produtos financeiros 	<ul style="list-style-type: none"> Presenta un estudo de viabilidade económico-financieiro a medio prazo do proxecto de empresa. 	<p>Terceiro</p>	<ul style="list-style-type: none"> A, B

previsión da evolución do sector e da economía nacional, como planificación financeira e fiscal.	da	analizados e previsións de vendas, segundo un estudo do ámbito mediante unha aplicación informática tipo folla de cálculo, manexando razóns financeiras básicas.			
	da	<ul style="list-style-type: none"> IAEEB3.3.2. Analiza os produtos financeiros máis axeitados de entre as entidades financeiras do ámbito para cada tipo de empresa, valorando o custo e o risco de cada un, e selecciona os máis acaído para o proxecto de empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> Analiza os produtos financeiros máis axeitados de entre as entidades financeiras do ámbito para cada tipo de empresa. 	Terceiro	<ul style="list-style-type: none"> A, B
	así	<ul style="list-style-type: none"> IAEEB3.3.3. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa actividade e a súa forma xurídica, sinala o funcionamento básico do IAE, IVE, IRPF e IS, e indica as principais diferenzas entre eles. 	<ul style="list-style-type: none"> Sinala o funcionamento básico do IAE, IVE, IRPF e IS, e indica as principais diferenzas entre eles. 	Terceiro	<ul style="list-style-type: none"> A, B
	da	<ul style="list-style-type: none"> IAEEB3.3.4. Valora a achega que supón a carga impositiva das empresas á riqueza nacional e ao sostemento das cargas do Estado. 	<ul style="list-style-type: none"> Valora a achega que supón a carga impositiva das empresas á riqueza nacional. 	Terceiro	<ul style="list-style-type: none"> A, B

8.4. Criterios de cualificación, promoción e recuperación

A. As probas escritas, que supoñen un 50% do total da cualificación final de cada avaliación.

- En cada avaliación o alumnado realizará dúas ou máis probas escritas que determinarán parte da cualificación. Estas probas recollerán aspectos que foron obxecto de traballo na clase: textos, gráficas, estatísticas, mapas, estudos comparativos, definición de conceptos, desenvolvemento dun tema dun xeito sinxelo. As probas adaptaranse ao nivel do grupo e ás diferentes capacidades de cada alumno /a. A cualificación final das probas escritas de cada avaliación será o resultado da media matemática das notas obtidas en cada unha delas.

- O Departamento considera necesario que aparezan nas probas as puntuacións correspondentes a cada pregunta que, dependendo da súa importancia, poderá ser maior ou menor. De todas maneiras, o profesorado, trala corrección das probas, ensinará estas ao alumnado que, desta maneira, coñecerá cal é a cualificación que obtivo en cada pregunta en relación coa cualificación total da mesma.
- Este Departamento, á hora de avaliar as diferentes probas escritas, terá en conta os seguintes aspectos: erros cronolóxicos, digresións, é dicir, desaxuste no que se refire ao preguntado na proba escrita, ausencia de referencias cronolóxicas, respostas incompletas e incoherencia á hora de expoñer as ideas, mala presentación e as faltas de ortografía.

B. O 50% restante do total da cualificación final serán o caderno do alumnado, actividades e tarefas individuais e/ou grupais.

- Cada avaliación considerárase superada cando o alumnado obteña unha media igual ou superior a 5 sobre 10.
- O alumnado superará a materia en xuño se a media aritmética das tres avaliacións ten como resultado unha nota superior ou igual a 5. Cada avaliación ten a mesma ponderación de cara á nota final do curso. A nota final da materia en xuño será o resultado media aritmética das tres avaliacións.
- De non superar algunha das tres avaliacións, o alumno/ a poderá facelo a través dunha proba que realizará ao inicio do seguinte trimestre, no caso da 1ª e 2ª, e ao final do último, no caso da terceira avaliación.
- Este Departamento realizará no mes de xuño unha proba extraordinaria para o alumnado que non conseguira aprobar a materia na avaliación ordinaria. A proba de xuño incluírá a materia que foi explicada ao longo do curso académico. O alumnado recibirá un caderno de actividades para preparar a materia e este terá un valor do 20% do total da nota final se é realizado de forma correcta e entregado o día da proba extraordinaria.

*O alumnado terá a posibilidade de realizar, de xeito voluntario, un traballo de ampliación baixo a suxestión do docente, puntuable cunha nota máxima de 0,5. A nota da tarefa sumarase á final que obteña o alumno/a en cada trimestre.

*O Alumnado que empregue métodos fraudulentos para a resolución das probas escritas, traballos ou tarefas terá unha cualificación de 0 nesa proba, e repetirá a proba escrita, traballo ou tarefa no mínimo período de tempo posible estipulado polo docente. Ademais, recibirá a sanción correspondente polo incumprimento das

NOF onde aparece tipificada como “Uso de métodos fraudulentos en probas e tarefas” (parte laranxa).

En caso de ter que recorrer ao **ensino telemático de forma xeneralizada**, os criterios de avaliación adaptaranse á nova realidade, pasando a un **sistema de avaliación onde o 100% da nota sairá do traballo diario do alumnado** (asistencia ás clases telemáticas, intervencións nas mesmas, entrega de tarefas, cuestionarios, formularios e demais actividades que o docente considere oportuno).

9. FILOSOFÍA 4º ESO (MATERIA AFÍN)

9.1. Concreción dos obxectivos

- Valorar a capacidade transformadora e normativa da razón para construír unha sociedade máis xusta.
- Adoptar unha actitude crítica e reflexiva ante cuestións teóricas e prácticas fundamentando adecuadamente as ideas e baseándose no diálogo racional.
- Fomentar o sentido democrático para exercer a cidadanía.
- Desenvolver unha conciencia cívica, crítica e autónoma inspirada nos dereitos humanos.
- Identificar e apreciar o sentido dos problemas filosóficos.
- Empregar con propiedade e rigor os novos termos e conceptos asimilados para a análise e a discusión.
- Argumentar de xeito coherente o propio pensamento, de forma oral e escrita, contrastándoo con outras posicións e argumentacións.
- Practicar e valorar o diálogo filosófico como proceso de encontro racional.
- Analizar e comentar textos filosóficos atendendo á súa coherencia interna e ó contexto histórico, identificando os problemas plantexados e os seus argumentos e solucións propostas.
- Adoptar unha actitude de respecto das diferenzas e crítica ante todo intento de xustificación das desigualdades sociais e ante toda discriminación, sexa por sexo, etnia, cultura, crenzas ou outras características individuais e sociais.

9.2. Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, e competencias clave

Filosofía. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. A filosofía				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ f ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Conceptos do bloque "A filosofía": filosofía, mito, logos, saber, opinión, abstracto, concreto, razón, sentidos, arché, causa, monismo, dualismo, pluralismo, substancia, prexuízo, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Comprender o que é a reflexión filosófica, diferenciándoa doutros tipos de saberes que estudan aspectos concretos da realidade e do individuo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FIB1.1.1. Define e utiliza conceptos como filosofía, mito, logos, saber, opinión, abstracto, concreto, razón, sentidos, arché, causa, monismo, dualismo, pluralismo, substancia ou prexuízo, e elabora un glosario con eles. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA

	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Modos de pensar: coñecer, opinar, argumentar, interpretar, razoar, analizar, criticar, descubrir, crear. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ FIB1.1.2. Distingue entre, coñecer, opinar, argumentar, interpretar, razoar, analizar, criticar, descubrir e crear. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ h ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Explicación racional (logos) e mitolóxica (mito). ▪ B1.4. Comparativa de textos míticos e racionais ao respecto da cosmoxénese e a antropoxénese. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Coñecer a orixe da filosofía occidental (onde, cando e por que xorde), distinguíndoa dos saberes prerracionais, o mito e a maxia, en tanto que saber práctico, e comparándoa con algunhas características xerais das filosofías orientais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FIB1.2.1. Explica as diferenzas entre a explicación racional e a mitolóxica, en comparación tamén con algunhas características xerais das filosofías orientais. ▪ FIB1.2.2. Le textos interpretativos e descritivos da formación do Cosmos e o ser humano, pertencentes ao campo mitolóxico e ao campo racional, e extrae semellanzas e diferenzas nas formulacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. A pregunta polo arché nos presocráticos: solucións de Heráclito, Parménides e Demócrito. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Identificar o primeiro interrogante filosófico da filosofía grega, a pregunta pola orixe, e coñecer as primeiras respostas dadas polos primeiros pensadores gregos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FIB1.3.1. Describe as primeiras respostas presocráticas á pregunta polo arché, coñece os seus autores e reflexiona por escrito sobre as solucións de interpretación da realidade expostas por Heráclito, Parménides e Demócrito. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ h ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. O individuo e a polis en Sócrates e en Protágoras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Coñecer o xiro antropolóxico da filosofía no século V a.C., explicando algunhas das ideas centrais de Sócrates e de Protágoras, e reflexionando sobre a aplicación práctica da filosofía respecto ao individuo e a sociedade en que vive. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FIB1.4.1. Compara a interpretación do ser humano e a sociedade defendida por Sócrates coa exposta por Protágoras, e argumenta a súa propia postura. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC

<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7. A necesidade de dar sentido como consubstancial ao ser humano. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Reflexionar e argumentar, de xeito escrita e oral, sobre o interese, especificamente humano, por entenderse a si mesmo e o que o rodea. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FIB1.5.1. Realiza pequenos ensaios, argumentando as súas opinións de xeito razoado, no que pretenda dar sentido a algún conxunto de experiencias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.8. Funcións da filosofía nas súas vertentes teórica e práctica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Recoñecer as funcións da filosofía en tanto que saber crítico que aspira a fundamentar, analizar e argumentar sobre os problemas últimos da realidade, desde unha vertente tanto teórica como práctica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FIB1.6.1. Diserta sobre as posibilidades da filosofía segundo as súas funcionalidades. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
Bloque 2. Identidade persoal				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Conceptos do bloque "Identidade persoal": personalidade, temperamento, carácter, conciencia, inconsciencia, condutismo, cognitivismo, psicoloxía humanística, psicanálise, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Comprender a profundidade da pregunta "quen son?", coñecendo algunhas respostas dadas desde a psicoloxía e a filosofía, reflexionar e valorar a importancia de coñecerse a si mesmo/a, e expresalo por escrito. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FIB2.1.1. Define e utiliza conceptos como personalidade, temperamento, carácter, conciencia, inconsciencia, condutismo, cognitivismo, psicoloxía humanística, psicanálise, e elabora un glosario con eses termos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. A personalidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Definir o que é a personalidade, así como os principais conceptos relacionados con ela. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FIB2.2.1. Define e caracteriza o que é a personalidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Teorías sobre a personalidade 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Coñecer e explicar as teses centrais dalgunhas teorías sobre a personalidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FIB2.3.1. Coñece as teses fundamentais sobre a personalidade e argumenta sobre iso. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL

<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ d ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4. Etapas do desenvolvemento da identidade persoal. Tipos de personalidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4. Recoñecer as etapas do desenvolvemento da identidade persoal, reflexionando sobre os factores que determinan o éxito e o fracaso, e achega a propia opinión razoada sobre estes dous conceptos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FIB2.4.1. Le textos literarios nos que se analiza a personalidade dos personaxes, identifica os trazos e os tipos de personalidade, e reflexiona por escrito sobre a temática. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5. O inconsciente na psicanálise. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5. Analizar que se entende por inconsciente no marco do pensamento da psicanálise. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FIB2.5.1. Analiza que se entende por inconsciente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ e ▪ h ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.6. O innato e o adquirido na formación da personalidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.6. Reflexionar por escrito e dialogar en grupo sobre a posible incidencia que a herdanza xenética e o adquirido teñen na formación da personalidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FIB2.6.1. Le e analiza textos filosóficos, literarios ou científicos cuxo punto de reflexión sexa a herdanza adquirida na formación da personalidade, incidindo no autocoñecemento. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCL ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.7. A filosofía da mente e a neurociencia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.7. Investigar en internet en que consiste a filosofía da mente e a neurociencia, e seleccionar a información máis significativa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FIB2.7.1. Investiga e selecciona información significativa sobre conceptos fundamentais de filosofía da mente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.8. A motivación e os conceptos asociados: emoción, sentimento, necesidades primarias e secundarias, autorrealización, vida afectiva e frustración. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.8. Identificar a función e a importancia da motivación como factor enerxético e direccional da vida humana nas súas múltiples dimensións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FIB2.8.1. Define e utiliza con rigor conceptos como motivación, emoción, sentimento, necesidades primarias e secundarias, autorrealización, vida afectiva e frustración. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.9. A motivación desde a teoría cognitiva: coñecemento e motivación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.9. Recoñecer, no marco da teoría cognitiva, o valor do coñecemento como elemento motivador 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FIB2.9.1. Explica as teses máis importantes da teoría cognitiva acerca do coñecemento e a motivación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA

		da conduta humana, reflexionando sobre a consideración do ser humano como animal racional.		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.10. Teoría humanística sobre a motivación. Diferenzas coa teoría cognitivista. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.10. Explicar as ideas centrais da teoría humanística sobre a motivación, reflexionando sobre o carácter da motivación como elemento distintivo do ser humano fronte ao simplemente animal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FIB2.10.1. Explica as ideas centrais da teoría humanística sobre a motivación e expresa a súa opinión razoada ao respecto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ FIB2.10.2. Explica e compara a visión sobre a motivación da teoría cognitivista e a da teoría humanística sobre a motivación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.11. Condición afectiva humana ▪ B2.12. Impulsos, emocións e sentimentos. ▪ B2.13. Papel do corpo na afectividade 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.11. Coñecer a condición afectiva do ser humano, distinguindo entre impulsos, emocións e sentimentos, e recoñecendo o papel do corpo na posibilidade de manifestación do afectivo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FIB2.11.1. Analiza e argumenta sobre textos breves e significativos de autores salientables sobre as emocións, e argumenta por escrito as propias opinións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ h ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.14. Incidencia na conduta das emocións: frustración, desexo e amor. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.12. Valorar a importancia da relación entre a motivación e o afectivo para dirixir a conduta humana en diferentes direccións e con distinta intensidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FIB2.12.1. Analiza textos e diserta sobre a incidencia das emocións, como a frustración, o desexo ou o amor, entre outras, na conduta humana. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.15. Incidencia na conduta das emocións: A curiosidade e o pracer de aprender, o desexo de lograr obxectivos, a satisfacción pola resolución de problemas, o agrado polo recoñecemento de éxito e a compracencia 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.13. Reflexionar e argumentar sobre a importancia da motivación e das emocións, como a curiosidade e o pracer de aprender, o desexo de lograr obxectivos, a satisfacción pola resolución de 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FIB2.13.1. Argumenta sobre o papel das emocións para estimular a aprendizaxe, o rendemento, o logro de obxectivos e a resolución de problemas, entre outros procesos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCL

	polo estímulo de iniciativas	problemas, o agrado polo recoñecemento de éxito, a compracencia polo estímulo de iniciativas, etc.		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.16. As emocións como estímulo da iniciativa, a autonomía e o emprendemento. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.14. Reflexionar sobre o papel das emocións como ferramenta para ser emprendedor/a e creativo/A. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FIB2.14.1. Analiza textos en que se describe o papel das emocións como estímulo da iniciativa, a autonomía e o emprendemento. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.17. O ser humano como centro das múltiples perspectivas que se integran no saber orixinario que é a filosofía. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.15. Coñecer, desde a historia da filosofía, algunhas das reflexións sobre aspectos que caracterizan o ser humano en canto tal, valorando a función da filosofía como saber orixinario e integrador de múltiples perspectivas cuxo centro común é a persoa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FIB2.15.1. Desenvolve de forma colaborativa un glosario para publicar en internet, coa terminoloxía filosófica da unidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.18. Teorías sobre a alma de Platón e de Aristóteles, e relación nelas entre alma, corpo e afectos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.16. Explicar as teorías da alma de Platón e de Aristóteles, reflexionando sobre a consideración e a relación entre a alma, o corpo e os afectos, que se analizan nesas teorías. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FIB2.16.1. Explica a teoría da alma de Platón. ▪ FIB2.16.2. Explica a teoría da alma de Aristóteles. ▪ FIB2.16.3. Argumenta a súa opinión sobre a relación entre o corpo e a mente ou alma. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CCEC ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ h ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.19. A introspección en Agostiño de Hipona. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.17. Coñecer a importancia da introspección sinalada por Agostiño de Hipona, como método de autoconecemento e de formación da propia identidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FIB2.17.1. Explica o que é a introspección segundo Agostiño de Hipona, utilizando este tipo de pensamento en primeira persoa para describirse a si mesmo/a. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA

<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.20. O cogito de Descartes ▪ B2.21. O home-máquina dos materialistas franceses do século XVIII. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.18. Describir e comparar a concepción cartesiana do papel do pensamento como aspecto que define o individuo, fronte ás concepcións materialistas e mecanicistas do home-máquina no materialismo francés do século XVIII. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FIB2.18.1. Expón o significado da tese de Descartes "Penso, logo existo". ▪ FIB2.18.2. Expón as súas reflexións sobre as implicacións do materialismo na súa descrición do ser humano. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CCEC ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.22. A vontade como elemento definitorio do humano. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.19. Coñecer a importancia da facultade da vontade como elemento definitorio do humano. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FIB2.19.1. Explica o que é a vontade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.23. Reflexión filosófica sobre a afectividade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.20. Expresar algunha das consideracións filosóficas sobre o afectivo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FIB2.20.1. Argumenta, desde o plano filosófico, sobre o papel das emocións na consideración do ser humano en canto tal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.24. O ser humano como proxecto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.21. Recoñecer as implicacións filosóficas da idea do home como proxecto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FIB2.21.1. Expresa e desenvolve a idea de home como proxecto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSIEE
<p>Bloque 3. Socialización</p>				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ g ▪ h ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Conceptos do bloque "Socialización": individualidade, alteridade, socialización, estado de natureza, dereitos naturais, contrato social, respecto, propiedade, Estado, lexitimación, institucionalización, rol, status, conflito e cambio social, globalización, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Identificar o "outro" tal como é na súa individualidade e, ao mesmo tempo, identificalo como un "alter ego" que comparte un espazo e unhas circunstancias comúns, dando lugar á intersubxectividade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FIB3.1.1. Define e utiliza conceptos como individualidade, alteridade, socialización, estado de natureza, dereitos naturais, contrato social, respecto, propiedade, Estado, lexitimación, institucionalización, rol, status, conflito e cambio social, e globalización. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC

<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ h ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Cultura e sociedade. Compoñentes socioculturais do ser humano. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Recoñecer a dimensión social e cultural do ser humano, identificando e distinguindo os conceptos de cultura e de sociedade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FIB3.2.1. Define e explica o significado dos conceptos de cultura e de sociedade, facendo referencia aos compoñentes socioculturais que hai no ser humano. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ l ▪ ñ ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Contidos culturais: institucións, ideas, crenzas, valores, obxectos materiais, etc. ▪ B3.4. Niveis biolóxico, afectivo e cognitivo na internalización da cultura. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Identificar o proceso de construción, os elementos e a lexitimación dunha cultura, valorando esta non só como ferramenta de adaptación ao medio, senón como ferramenta para a transformación e a autosuperación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FIB3.3.1. Expresa algúns dos principais contidos culturais, como son as institucións, as ideas, as crenzas, os valores, os obxectos materiais, etc. ▪ FIB3.3.2. Coñece os niveis aos que se realiza a internalización dos contidos culturais dunha sociedade; é dicir, a nivel biolóxico, afectivo e cognitivo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. Elementos do proceso de socialización: socialización primaria e secundaria. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Coñecer os elementos do proceso de socialización e relacionalos coa propia personalidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FIB3.4.1. Describe a socialización primaria e secundaria. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.6. Teses fundamentais sobre a orixe da sociedade e o Estado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. Coñecer as teorías sobre a orixe da sociedade e reflexionar de forma escrita sobre elas, argumentando as propias opinións ao respecto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FIB3.5.1. Explica as teses fundamentais sobre a orixe da sociedade e o Estado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ d ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.7. A civilización. Diferenza entre civilización e cultura. Oriente e Occidente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.6. Comprender o sentido do concepto de civilización, relacionando as súas semellanzas e diferenzas co concepto de cultura. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FIB3.6.1. Explica o que é unha civilización e pon exemplos fundamentados, e investiga e reflexiona sobre as semellanzas e as diferenzas entre oriente e occidente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.8. Comunicación. Comunicación non verbal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.7. Definir o que é a comunicación, analizando as 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FIB3.7.1. Explica o que é a comunicación e reflexiona sobre as 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD

	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.9. A comunicación na época das tecnoloxías da información e da comunicación. 	formas de comunicación non verbal, e a incidencia das novas tecnoloxías da información e da comunicación.	vantaxes e os inconvenientes cando a ferramenta para ela son as novas tecnoloxías.	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ g ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.10. O individuo como capaz de innovar e crear cambios culturais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.8. Reflexionar sobre o posible papel activo dun/dunha mesmo/a na construción da cultura e, en canto tal, identificarse como ser creativo e innovador, capaz de xerar elementos culturais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FIB3.8.1. Reflexiona por escrito sobre o papel activo dun/dunha mesmo/a no seu contexto sociocultural, como ser capaz de innovar e xerar cambios culturais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ e ▪ h ▪ l ▪ ñ ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.11. Diferenzas culturais. Relativismo cultural e etnocentrismo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.9. Reflexionar e indagar sobre o relativismo cultural e o etnocentrismo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FIB3.9.1. Coñece o relativismo cultural e o etnocentrismo, e reflexiona sobre eles, expresando conclusións propias e achegando exemplos con feitos investigados e contrastados en internet. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD
Bloque 4. Pensamento				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Conceptos do bloque "Pensamento": razón, sentidos, experiencia, abstracción, universalidade, sistematicidade, racionalismo, dogmatismo, empirismo, límite, intelixencia, intelixencia emocional, certeza e erro. ▪ B4.2. Características da racionalidade humana. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Comprender a facultade racional como específica do ser humano e as súas implicacións, analizando en que consiste a racionalidade e cales son as súas características. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FIB4.1.1. Define e utiliza conceptos como razón, sentidos, experiencia, abstracción, universalidade, sistematicidade, racionalismo, dogmatismo, empirismo, límite, intelixencia, intelixencia emocional, certeza e erro. ▪ FIB4.1.2. Explica o que é a racionalidade e describe algunhas das súas características. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Posibilidades e límites da razón. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Explicar as teses básicas dalgunhas 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FIB4.2.1. Explica a concepción sobre as posibilidades da razón. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL

		concepcións filosóficas sobre as posibilidades e os límites da razón.		
▪ f	▪ B4.4. Racionalidade teórica e racionalidade práctica. Teoría e experiencia.	▪ B4.3. Distinguir a racionalidade teórica da racionalidade práctica, así como teoría e experiencia.	▪ FIB4.3.1. Identifica as dúas posibilidades de aplicación da racionalidade: teórica e práctica.	▪ CAA ▪ CCEC
▪ d ▪ h ▪ l	▪ B4.5. Concepcións contemporáneas sobre a intelixencia. ▪ B4.6. Teoría da intelixencia emocional.	▪ B4.4. Coñecer a concepción contemporánea sobre a intelixencia, incidindo na teoría da intelixencia emocional de Daniel Goleman.	▪ FIB4.4.1. Explica as teses centrais da teoría da intelixencia emocional. ▪ FIB4.4.2. Argumenta sobre a relación entre a razón e as emocións.	▪ CSC ▪ CCL ▪ CSC
▪ b ▪ g ▪ h	▪ B4.7. A verdade e os seus tipos: a verdade como correspondencia; a verdade segundo o pragmatismo americano; a verdade desde o perspectivismo e o consenso. ▪ B4.8. Papel do erro na procura da verdade. O erro como oportunidade.	▪ B4.5. Comprender algúns dos principais tipos de verdade (a verdade como correspondencia; a verdade segundo o pragmatismo americano; a verdade desde o perspectivismo e o consenso) e reflexionar sobre a posibilidade de alcanzar a verdade absoluta.	▪ FIB4.5.1. Define algúns tipos de verdade, como son a verdade como correspondencia, a verdade segundo o pragmatismo americano e a verdade desde o perspectivismo. ▪ FIB4.5.2. Reflexiona sobre a parte positiva de equivocarse e a importancia do erro como posibilidade de procura de novas estratexias e solucións.	▪ CCL ▪ CAA ▪ CSIEE
	Bloque 5. Realidade e metafísica			
▪ h ▪ l	▪ B5.1. Conceptos do bloque "Realidade e metafísica": metafísica, realidade, pregunta radical, esencia, natureza, cosmos, caos, creación, finalismo, continxente, mecanicismo e determinismo. ▪ B5.2. Metafísica: o seu obxecto e o seu método.	▪ B5.1. Coñecer o significado do termo "metafísica", comprendendo que é a principal disciplina das que compoñen a filosofía, identificando o seu obxectivo fundamental, consistente en realizar preguntas	▪ FIB5.1.1. Define e utiliza conceptos como metafísica, realidade, pregunta radical, esencia, natureza, cosmos, caos, creación, finalismo, continxente, mecanicismo e determinismo. ▪ FIB5.1.2. Define o que é a metafísica, o seu obxecto de coñecemento e o seu	▪ CCL ▪ CCEC

		radicais sobre a realidade, e entendendo en que consiste o "preguntar radical".	modo característico de preguntar sobre a realidade.	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ f ▪ h ▪ l ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. A natureza como esencia e como totalidade: o Universo. ▪ B5.4. Orixe do Universo. Eternidade ou creación. ▪ B5.5. Respostas á pregunta pola finalidade do Universo. ▪ B5.6. Respostas á pregunta sobre o posto do ser humano no Universo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Comprender unha das principais respostas á pregunta acerca do que é a natureza e identificar esta non só como a esencia de cada ser, senón ademais como o conxunto de todas as cousas que hai, e coñecer algunhas das grandes preguntas metafísicas acerca da natureza: a orixe e a finalidade do Universo, a orde que rexe a natureza, se é que a hai, e o posto do ser humano no Cosmos, reflexionando sobre as implicacións filosóficas de cada unha destas cuestións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FIB5.2.1. Expresa as dúas posibles respostas á pregunta pola orixe do Universo (é eterno ou foi creado), e expón as súas reflexións sobre as implicacións relixiosas e filosóficas de ambas as dúas. ▪ FIB5.2.2. Expón as dúas posturas sobre a cuestión acerca de se o Universo ten unha finalidade, unha dirección, ou se non a ten, e argumenta filosoficamente a súa opinión ao respecto. ▪ FIB5.2.3. Analiza textos cuxo punto de reflexión é a realidade física que nos rodea e os interrogantes filosóficos que suscita. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CMCCT <ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.7. Determinismo e Indeterminismo. Teoría do caos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Coñecer as implicacións filosóficas da teoría do caos, comprendendo a importancia de sinalar se a natureza se rexe por leis deterministas ou se rexe polo azar cuántico, e argumentar a propia opinión sobre como afecta esta resposta de cara á comprensión da conduta humana. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FIB5.3.1. Define o que é o determinismo e o indeterminismo, no marco da reflexión sobre se existe unha orde no Universo rexida por leis. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT

<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ h ▪ l ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.8. Sentido da existencia. Vida e morte. ▪ B5.9. Sentido da historia. ▪ B5.10. Lugar do ser humano no mundo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Reflexionar sobre a interrogación polo sentido da existencia, explicando as teses centrais dalgunhas teorías filosóficas da vida, e disertar razoadamente sobre a vida ou a morte, ou o devir histórico, ou o lugar do individuo na realidade, entre outras cuestións metafísicas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FIB5.4.1. Coñece as teses centrais do vitalismo de filósofos/as que reflexionan sobre a vida. ▪ FIB5.4.2. Analiza textos literarios, filosóficos e científicos que versan sobre temas metafísicos como a existencia, a morte, o devir histórico ou o lugar do individuo na realidade, e expón as súas propias reflexións ao respecto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CCL
Bloque 6. Transformación				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.1. Conceptos do bloque "Transformación-ética": vontade, liberdade negativa, liberdade positiva, autodeterminación, libre albedrío, determinismo, indeterminismo e condicionamento. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.1. Coñecer os dous significados do concepto de liberdade de acción (liberdade negativa e liberdade positiva), e aplicarlos tanto no ámbito da sociedade política como no terreo da vida privada ou a liberdade interior. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FIB6.1.1. Define e utiliza conceptos como vontade, liberdade negativa, liberdade positiva, autodeterminación, libre albedrío, determinismo, indeterminismo e condicionamento. ▪ FIB6.1.2. Analiza textos breves sobre o tema da liberdade, e argumenta a propia opinión. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.2. Libre albedrío e vontade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.2. Comprender o que é o libre albedrío ou a liberdade interior, en relación coa posibilidade de autodeterminación dun mesmo e coa facultade da vontade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FIB6.2.1. Explica o que é o libre albedrío e a facultade humana da vontade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ f ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.3. Libre albedrío: condicionamentos sociais e políticos. ▪ B6.4. Libre albedrío: xenética e neurociencia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.3. Reflexionar e argumentar sobre a relación entre a liberdade interior e a liberdade social e política. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FIB6.3.1. Expón as súas reflexións sobre a posibilidade de que exista ou non o libre albedrío, tendo en conta os avances no coñecemento da xenética e a neurociencia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC

<ul style="list-style-type: none"> ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.5. O libre albedrío e o determinismo na natureza. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.4. Coñecer a existencia de determinismo na natureza, analizando a posibilidade que ten o ser humano de ser libre, tendo en conta que é un ser natural e, en canto tal, sometido ás leis da natureza. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FIB6.4.1. Argumenta sobre as posibilidades do ser humano de actuar libremente, tendo en conta que é un ser natural. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.6. Posturas filosóficas sobre o libre albedrío: a do estoicismo, a de Kant e a intermedia, que avoga pola non existencia da liberdade absoluta. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.5. Recoñecer as tres posturas sobre o problema da liberdade absoluta ou condicionada: a tese estoica, a negación do sometemento da vontade ás leis naturais de Kant e a posición intermedia, que rexeita non a liberdade, senón a liberdade absoluta. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FIB6.5.1. Expresa diferentes posturas de filósofos en torno ao tema da liberdade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.7. Conceptos do bloque "Transformación-Estética": estética, creatividade, sinapse neuronal, imaxinación, pensamento diverxente, pensamento converxente e serendipia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.6. Coñecer a estética como a parte da filosofía que estuda o proceso creativo, a experiencia estética e a beleza. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FIB6.6.1. Define e utiliza conceptos como estética, creatividade, sinapse neuronal, imaxinación, pensamento diverxente, pensamento converxente e serendipia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.7. Imaxinación humana: características. ▪ B6.8. Imaxinación: funcionamento e mecanismos de aparición de novas ideas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.7. Identificar o que é a imaxinación, en tanto que facultade específica do ser humano, explicando como funciona e cales son as súas características. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FIB6.7.1. Le e comenta textos breves e significativos sobre o mecanismo de aparición de ideas novas. ▪ FIB6.7.2. Explica o que é a imaxinación e exemplifcaa mediante a redacción de relatos breves de temática filosófica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCL ▪ CCL ▪ CSIEE

<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ g ▪ h ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.9. Creatividade humana. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.8. Recoñecer a capacidade humana da creatividade, en tanto que potencialidade existente en todas as persoas e que se consegue adestrando o cerebro. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FIB6.8.1. Analiza textos de literatura fantástica, considerando os elementos especificamente creativos e reflexionando sobre eles. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ h ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.10. Fases do proceso creativo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.9. Coñecer as fases do proceso creativo e reflexionar sobre a importancia de que o pensamento diverxente imaxinativo e o pensamento lóxico e racional traballen xuntos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FIB6.9.1. Explica as fases do proceso creativo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.11. Principais técnicas de desenvolvemento da creatividade: revisión de supostos e inversión. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.10. Coñecer e aplicar algunhas técnicas de desenvolvemento da creatividade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FIB6.10.1. Utiliza a técnica de desenvolvemento da creatividade coñecida como de revisión de supostos e inversión, e aplícaa sobre algunha teoría filosófica ou científica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ FIB6.10.2. Explica as principais técnicas de desenvolvemento da creatividade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.12. Técnica do brainstorming. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.11. Utilizar a técnica do brainstorming para construír unha historia literaria con temática filosófica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FIB6.11.1. Utiliza de forma colectiva a técnica do brainstorming para reflexionar sobre temas filosóficos tratados durante o curso. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSC
